

PROGRAMA LEADER GALIZA 2007-2013

**GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL – 20:**

***‘ULLA-UMIA-LÉREZ’***

**ESTUDO CUALITATIVO:  
INFORMES MESAS SECTORIAIS**

*ELABORACIÓN:*

- MERCEDES FERNÁNDEZ GESTIDO. SOCIÓLOGA
- MATILDE MASSÓ LAGO. SOCIÓLOGA
- JAVIER SEIJO VILLAMIZAR. POLITÓLOGO
- XOSÉ ELÍAS TRABADA CRENDE. SOCIÓLOGO (DIRECCIÓN)

-----  
**CONSULTORA EMIC-ETIC S.L.**

## **ÍNDICE**

	<i>Páxina</i>
<b>0. PRESENTACIÓN .....</b>	<b>3</b>
<b>MESA Nº 1: FORESTAL – MADEIREIRA .....</b>	<b>4</b>
<b>MESA Nº 2: XUVENTUDE .....</b>	<b>12</b>
<b>MESA Nº 3: MULLER E IGUALDADE .....</b>	<b>19</b>
<b>MESA Nº 4: AGROGANDEIRA .....</b>	<b>28</b>
<b>MESA Nº 5: TURISMO E HOSTALERÍA .....</b>	<b>37</b>
<b>MESA Nº 6: VECIÑAL .....</b>	<b>44</b>
<b>MESA Nº 7: SOCIAL-CULTURAL-DEPORTIVO-EDUCATIVO .....</b>	<b>51</b>
<b>MESA Nº 8: EMPRESA, COMERCIO, ARTESÁNS .....</b>	<b>58</b>
<b>MESA Nº 9: MEDIO AMBIENTE, CAZA E PESCA .....</b>	<b>66</b>
<b>MESA Nº 10: INSTITUCIONAL .....</b>	<b>71</b>
<b>MESA Nº 11: AEDL E OUTROS TÉCNICOS/AS .....</b>	<b>79</b>

## 0. PRESENTACIÓN

O proceso de elaboración do Programa de Desenvolvemento Rural do GDR-20 basase nunha metodoloxía participativa, tal como establece a filosofía do Programa Leader Galiza 2007-2013. Trala constitución do Grupo de Desenvolvemento Rural e das 10 Mesas Sectoriais, durante a última seman do mes de agosto e a primeira de setembro de 2008 celebráronse unha serie de reunións cos diferentes axentes e entidades que forman parte desas Mesas. En concreto:

- Martes 26 de agosto: Mesa Sectorial nº 3: Muller e Igualdade.
- Martes 26 de agosto: Mesa Sectorial nº 4: Agrogandeira.
- Mércores 27 de agosto: Mesa Sectorial nº 6: Veciñal.
- Mércores 27 de agosto: Mesa Sectorial nº 8: Empresa, Comercio e Artesanía.
- Xoves 28 de agosto: Mesa Sectorial nº 1: Forestal-Madeireiro.
- Xoves 28 de agosto: Mesa nº 7: Socio-Cultural, Educativa e Deportiva
- Venres 29 de agosto: Mesa Sectorial nº 2: Mocidade.
- Luns 1 de setembro: Mesa Sectorial nº 5: Turismo-Hostalería.
- Luns 1 de setembro: Mesa Sectorial nº 10: Institucional.
- Martes 2 de setembro: Mesa Sectorial nº 9: Medio Ambiente, Caza e Pesca.
- Ademais das 10 Mesas Sectoriais, o venres 5 de setembro celebrouse unha reunión cos AEDL e outros técnicos/as do territorio.

As reunións centraronse en recoller opinións de diagnóstico e unha primeira aproximación as propostas; en varios casos celebrouse unha segunda reunión especializada na elaboración e recollida de propostas ou proxectos piloto a contemplar no Programa de Desenvolvemento Rural do GDR-20. Así mesmo, as entidades do GDR puideron enviar as súas propostas por correo electrónico ou por fax. As opinións e propostas recollidas serviron para elaborar un Informe Cualitativo de cada unha desas reunións por Mesa Sectorial, onde recolleamos as Debilidades, Fortalezas e Oportunidades referidas ao territorio do GDR-20, segundo os discursos producidos por cada Mesa. Así mesmo, elaboráronse uns cadros coas propostas ou proxectos piloto de actuación. Estes Informes son os capítulos do presente Estudo Cualitativo.

## MESA Nº 1: FORESTAL - MADEIREIRA

### 1.1. DEBILIDADES CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

Os problemas de lindes, un dos típicos conflitos do rural galego, manifestase con moita vehemencia no monte comunal galego. O proceso de devolución do monte en man común ós veciños, non se realizou sobre a base dunhas sólidas bases técnico - xurídicas de cada unha das propiedades, o que supuxo en moitos casos unha indeterminación dos lindes que perdura ata hoxe en día. Así mesmo, é por todos coñecida a debilidade da propiedade común fronte a propiedade individual, acentuada na nosa terra por unha crónica escaseza de terras, o que favorece as denominada prácticas “invasoras” por parte de algúns veciños para có monte comunal.

As Comunidades de Montes en Man Común, amplamente representadas nesta mesa, pegan de xeito maioritario un maior apoio da Administración Pública. Os representantes destas entidades, conscientes do valor ambiental e social que hoxe en día ten o monte, demandan das Administracións unha atención privilexiada para coas súas causas. Pola contra, parece que as Administracións viven de costas o monte: inician proxectos que afectan os montes sen ter en conta os propietarios, fan as leis nos despachos sen atender a realidade do monte galego, e non hai coordinación das Comunidades coa Administración en asuntos tan importantes como a loita contra o lume.

As habituais estruturas organizativas das Comunidades de Montes, permanecen fieis as antigas tradicións; están marcadas pola Asemblea de comeneiros que deixa unhas estreitas competencias a Xunta Rectora e o Presidente, órganos de Representación e Xestión constituídos por voluntarios electos e que realizan todo tipo de tarefas, dende lidar có “papeleo” ata tomar decisións de carácter técnico – forestal. Aínda así, a situación das Comunidades de montes é moi heteroxénea; neste territorio podemos encontrar Comunidades dinámicas e ben xestionadas, así como outras que están en mans dos catro veciños que quedan nas aldeas e que non fan outra cousa que “botar a baixo catro paos” cando lle fai falta.

O estado do Monte Comunal está nunha situación de *cuasi* abandono si se compara cos bosques europeos: “se fan plantacións aproveitando as subvencións, pero despois non se fai un mantemento axeitado”; no caso dos montes de propietarios particulares a situación agrávase e chega a chamárselle “selva”:

“Aquí ninguén se escandaliza polo abandono das leiras e dos montes, senón evolucionamos non temos futuro.”

## CADRO RESUMO MESA Nº 1: DEBILIDADES, CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

<b>Debilidades, carencias, problemas e dificultades</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Os problemas de deslindes dos montes comunais son unha fonte de conflitos.</li> <li>Hai veciños que aproveitan a debilidade das Comunidades e invaden parte do monte comunal.</li> <li>A auga do monte non se xestiona adecuadamente</li> <li>O gando ceibe as veces é un problema para as plantacións.</li> <li>As canteiras destrúen o entorno</li> <li>Existe un elevado risco na xestión forestal, “un árbore despois de crecer 40 anos, venche o lume e arde todo”.</li> <li>Certas plantacións son un perigo ambiental, pola súa capacidade de propagar o lume.</li> <li>Os particulares teñen o monte en peores condición que as Comunidades.</li> <li>“As comunidades non funcionamos”; hai comunidades de pobos case despoboados que non xestionan nada.</li> <li>Falta formación e cultura forestal.</li> <li>No rural predomina o individualismo e hai escasa posibilidade de falar e chegar a acordos.</li> <li>Coa desaparición da actividade agrícola tradicional deixouse de aproveitar o monte.</li> <li>Os comuneiros están moi "queimados" e non queren iniciativas de risco.</li> <li>O proceso de envellecemento e despoboamento do rural dificulta as posibilidades de mudar a xestión forestal.</li> <li>As acacias son potencialmente una praga.</li> <li>Falta a industria interesada nos produtos ligados a multifuncionalidade do monte.</li> <li>Os grandes grupos monopolizan todo o proceso e eliminan os gremios de motoserristas, serrarías, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non é posible facer rendible o monte solo coa madeira.</li> <li>Intentouse facer un aproveitamento rápido do monte (pino e eucalipto) e o fin de contas non é rendible.</li> <li>60% da masa forestal son plantacións de eucalipto non planificado.</li> <li>O eucalipto deu diñeiro e tamén problemas: incendios, etc.</li> <li>Temos unha masa forestal acumulada por xestionar.</li> <li>O monte esta xestionado por voluntarios (Xunta Rectoras das Comunidades de Montes)</li> <li>Os concellos inician proxectos sen ter en conta ós propietarios forestais.</li> <li>As Administracións non dan suficiente apoio as Comunidades.</li> <li>As Comunidades de montes teñen sobrecarga burocrática: hai que pedir permiso para todo.</li> <li>A lei de prevención de incendios fíxose nos despachos sen atender a realidade do monte galego.</li> <li>Non hai coordinación das Comunidades coa Administración en asuntos tan importantes como a loita contra o lume.</li> <li>A propiedade do monte está moi fraccionado o que dificulta a súa xestión.</li> <li>No rural ninguén se escandaliza polo abandono das leiras e dos montes.</li> <li>Aparte dos lumes accidentais, os que plantan lume son os da mesma parroquia ou os da parroquia do lado.</li> <li>A tramitación de axudas públicas esixe unha complexa xestión burocrática a cal dificilmente acceden as Comunidades.</li> </ul>

## 1.2. FORTALEZAS INTERNAS

Na medida en que as actividades agrícolas foron perdendo forza e se foron modernizando, a xestión tradicional do monte foise abandoando, dando pé a unhas practicas de aproveitamento orientado o curto prazo. Especies como eucalipto fóronse propagando, as veces dun xeito planificado e outras veces por simple rexeneración ou improvisación; a opinión de algúns dos membros da mesa é que o eucalipto é unha praga que hai que erradicar: infectado de *goniptero* non resulta rendible, e supón un risco ambiental pola facilidade coa que propaga o lume.

Así como é unánime a opinión de que non se está facendo un axeitado aproveitamento do monte, tamén se comparte a idea de que estamos ante un territorio idóneo para a produción madeireira, con amplas zonas especialmente aptas para especies madeireiras de calidade.

Son moitas as zonas onde a auga ben xestionada podería reforzar a rendibilidade das explotacións forestais, que xunto cunhas boas condicións climatolóxicas temos os elementos precisos para acadar un elevado crecemento vexetativo.

Hai comunidades pequenas e con escasos recursos, tamén as hai que dispoñen de presupostos ben nutridos en base as rendas procedentes da cesión de terreos para aeroxeradores, canteiras ou outras explotacións.

O gando ceibe que pasta no monte mantén unha relación simbiótica e sustentable co seu contorno; non obstante, precísanse medidas encamiñadas a paliar os inconvenientes que agora mesmo se están dando: problemas sanitarios, animais que baixan as fincas a comer, etc.

## CADRO RESUMO MESA Nº 1: FORTALEZAS INTERNAS

<b>Fortalezas internas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Hai Comunidades que teñen un presuposto considerable e contan con ingresos diversificados (rendas por aeroxeradores, recursos madeireiros, minas, etc) .</li> <li>• Temos riqueza madeireira.</li> <li>• Na nosa zona as especies forestais teñen un crecemento vexetativo moi elevado.</li> <li>• A gran parte do territorio forestal é potencialmente aproveitable.</li> <li>• Dispoñemos de regadíos para facer viable moitas explotacións: madeirable e non madeirable</li> <li>• O noso monte pode ter moitos ámbitos: paisaxístico, forestal, canteiras, parques eólicos, etc.</li> <li>• Nesta comarca hai zonas de monte baixo con unha capacidade productiva enorme, prestixiado ao longo da historia (devesas reais).</li> <li>• Hai industria de aproveitamento madeireiro (fundamentalmente moble).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O monte é un ben social que debemos procurar.</li> <li>• Algunhas Comunidades coidan o monte e gastan moitos cartos en limpeza e conservación.</li> <li>• Nas Comunidades temos moitas ideas.</li> <li>• As Comunidades están así porque os veciños non fan una xestión axeitada, pero se pode mudar e mellorar.</li> <li>• Existe unha clara consciencia de que corren novos tempos e que tamén a xestión do monte debe mudar e poñerse o día.</li> <li>• En algunhas Comunidades o diñeiro que da o monte empregase en obras que demandan os veciños.</li> <li>• Dáse unha relación simbiótica entre o gando ceibe e o monte; os danos que producen os animais nas fincas particulares poden paliarse con medidas axeitadas</li> </ul>

### 1.3. OPORTUNIDADES EXTERNAS

De man dos movementos ambientalistas, nos últimos anos, se está producindo unha crecente sensibilidade das Administracións Públicas e da poboación en xeral cara a natureza en xeral e o monte en particular. Este feito, está permitindo que o monte como valor ambiental e social cobre importancia e as Administracións Públicas destinen importantes recursos co obxecto de mellorar a súa xestión. Non obstante, estas oportunidades preséntanse hoxe en día como inalcanzábeis para moitas Comunidades de Montes:

“Para pedir unha axuda hai que ir ó libro; o 90% das Comunidades non sabe nin pedila; poñen trabas burocráticas e conceptos que a veces non os entenden nin os técnicos da Xunta”

O recente desenvolvemento de algúns sectores económicos como a enerxía eólica, e probablemente nun futuro próximo o aproveitamento da biomasa, poden ter impactos significativos nas economías de algunhas zonas rurais e especialmente nas

comunidades de montes onde se sitúen. A pesares dos problemas estéticos, estas instalacións permiten que as Comunidades dispoñan dun fluxo económico constante e seguro, e poidan así desenvolver as súas actividades dun xeito tamén regular. Fariña de outro costal son as canteiras ou as hortas solares, instalacións que en xeral son rexeitadas polo forte impacto ambiental.

#### CADRO RESUMO MESA Nº 1: OPORTUNIDADES EXTERNAS

<b>Oportunidades externas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• O monte agora está mais apoiado e protexido que antes (esta opinión resulta controvertida; non todos os da mesa están de acordo)</li> <li>• Hai bastantes axudas das Administracións para o monte.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As UXFOR son un marco legal que posibilita melloras na xestión forestal.</li> <li>• Os parques eólicos son un problema estético; pero supoñen un alivio económico para as Comunidades.</li> </ul>

#### 1.4. PROPOSTAS

No monte está todo por facer, por conseguinte as propostas non faltan, e como dicía un dos asistentes: “nas Comunidades temos moitas ideas”.

Moitas das liñas de actuación versan sobre as estratexias a seguir cara lograr unha xestión forestal sustentábel e o mesmo tempo que reporte recursos económicos para o rural. Neste senso, aportáronse numerosas propostas que en termos xerais están encadradas dentro do actual paradigma marcado por técnicos e políticos, a saber, a valorización e a multifuncionalidade do monte; así pois, falouse de abrir o abano de usos: gandeiro, social, cinexético, silvícola, madeireiro, biomasa, etc.

Dun xeito mais preciso, lanzouse neste mesa unha interrogante que consideramos que ten especial interese darlle resposta:

“Temos unha importante masa forestal acumulada, hai eucalipto que non hai quen o quite, debemos primar as iniciativas que poidan darlle xestión a masa forestal existente”

Aparte de novas estratexias, o monte precisa novas estruturas. As Comunidades de Montes, grandes propietarios en man común, precisan mudar:

“O 90% das Comunidades de montes non funcionan...Os tempos cambiaron, as solucións de antes non serven para agora, e menos para dentro de 20 anos”.

O diagnóstico parécenos acertado, e tamén as liñas marcadas para poñer a estas entidades a andar... e de man delas, encamiñar ó resto de pequenos propietarios: “hai que deixar atrás os problemas dos marcos e mirar cara as oportunidades”; neste senso, demándase dos técnicos novas ferramentas para mellorar a xestión das Comunidades, así como modelos de agrupación axeitados as características propias desta entidades, e acadar así unha maior dimensión e capacidade de xestión.

No lado oposto, están os que dan por perdida esta dimensión de xestión privada dun ben común e claman por un intervencionismo público ou cando menos un paternalismo administrativo.

#### CADRO MESA Nº 1: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Dinamización e aumento da competitividade do sector agrario e forestal</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estudiar formulas que favorezan a presenza de gando ceibe no monte minimizando os danos nas fincas particulares.</li> <li>• Facer os estudos tecnico-xurídicos necesarios para deslindar sen conflitos o monte comunal.</li> <li>• Apoio institucional para frear os “invasores” do monte comunal.</li> <li>• Identificación e sinalización dos montes comunais.</li> <li>• Facer plans de recuperación de variedades xeneticamente mellores (non hai porque traer especies foráneas).</li> <li>• Facer plans de ordenación baixo o principio da multifuncionalidade do monte: gandeiro, social, cinxético, forestal,...</li> <li>• Desenvolver proxectos que compaxinen a rendibilidade a longo prazo có curto prazo.</li> <li>• Primar iniciativas que poidan darlle saída á masa forestal que temos acumulada.</li> <li>• Desenvolver o cultivo da castaña, cogomelos, plantas aromáticas e medicinais.</li> <li>• Fomentar as industrias de primeira transformación forestal: estacas, etc</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aumentar a dimensión do monte comunal: fórmulas de asociación, agrupación, compartir servizos e proxectos, etc.</li> <li>• Diseñar modelos de organización para as Comunidades cara a dotalas de maior capacidade de xestión.</li> <li>• Estudiar modelos para o desenvolvemento do sector, aproveitando a experiencia do sistema gandeiro: cooperativas, cámaras agrarias, ..</li> <li>• Que a Administración preste servizos técnicos e administrativos as Comunidades: proxectos de ordenación, tramitación de subvencións, etc.</li> <li>• Crear entre varias comunidades una oficina técnica e administrativa especializada en asuntos forestais.</li> <li>• Crear unha lonxa forestal para as Comunidades do GDR.</li> <li>• “Stock de madeira en pé”: dispoñer dun taxador e un inventario, e negociar cos consumidores evitando intermediarios.</li> <li>• Aproveitamento das partes baixas da liña de alta tensión: cultivo enerxético do olivo, pastoreo, etc</li> </ul>

## CADRO MESA Nº 1: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR--20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Mellora medioambiental e do contorno rural</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomentar as plantacións mixtas fronte o monocultivo</li> <li>• As iniciativas de conservación e explotación deben pretender incluír as parcelas de montes particulares.</li> <li>• Facer mais pozas de auga contra incendios.</li> <li>• Implantar proxectos gandeiros que limpen e aproveiten os pastos do monte: pastoreo, gando mostrenco, gando transumante, porco celta, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Intentar erradicar o eucalipto por razóns ambientais.</li> <li>• Xestionar a auga das riadas para evitar estragos.</li> <li>• Facer un efectiva loita contra incendios</li> <li>• Buscar o equilibrio entre produtividade e medioambiente.</li> <li>• Que a Administración asuma mais protagonismo no mantemento dos montes e financie en parte as limpezas.</li> </ul>

## CADRO MESA Nº 1: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Mellora da calidade de vida e diversificación da economía rural</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver e reforzar a marca territorial de calidade para facilitar a comercialización dos produtos derivados da multifuncionalidade do monte: cogomelos, castañas, caza, etc.</li> <li>• Crear iniciativas productivas aproveitando os recursos cinexéticos do monte.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promover empresas de biomasa: briquetas e pellets.</li> <li>• Recuperar elementos do patrimonio natural e cultural.</li> <li>• Fomentar o turismo rural vinculado a recursos da zona.</li> <li>• Desenvolver rutas entorno o patrimonio cultural e natural.</li> </ul>

## CADRO MESA Nº : PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>A cooperación entre os distintos territorios rurais da Unión Europea</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer e adaptar o noso entorno o modelo europeo de mantemento do monte (limpo e plantado).</li> </ul>	

CADRO MESA Nº : PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Adquisición de capacidades, promoción do territorio rural e mellora da sua gobernanza**

<ul style="list-style-type: none"><li>• Establecer plans de colaboración das Comunidades coas Administracións</li><li>• Desenvolver programas de formación en explotación de gandería en extensivo.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Reducir a carga burocrática para acceder as axudas.</li><li>• Desenvolver plans de formación específicas para as Comunidades de Montes.</li></ul>
---	---

## MESA Nº 2: XUVENTUDE

### 2.1. DEBILIDADES CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

A reunión da mesa sectorial de Xuventude tivo como asistentes a tres asociacións das sete inscritas no GDR. Foi necesario convocalas en dúas ocasións para alcanzar a antedita cota, a pesar de que o equipo técnico contáctase con todas e cada unha delas, así como remitise a respectiva información a cada membro da mesma. A pesar do inconviniente dunha baixa participación procedemos á realización dunha dinámica de grupo na cal participan: Galiza Nova, Asociación Xuvenil “Unión da Mocidade Galega” e Asociación A Xesteira.

A dinámica da intervención da mesa acadou a finalidade de establecer a foto fixa das debilidades, carencias, problemas e dificultades no territorio de pertenza de cada entidade como nos municipios que compoñen a zona do GDR-20.

O discurso recorrente a medida que foron aparecendo os problemas que se enuncian nas táboas seguintes foi paulatinamente trasladando a administración e o propio colectivo xuvenil gran parte da responsabilidade dos principais obstáculos nos que atopamos o sector para o seu desenvolvemento, entre outras causas afirmase: a) a ausencia de respostas ou a intermitencia destas, b) a debilidade das iniciativas de presión, c) a disfuncionalidade das canles efectivas de comunicación organizativa e d) a inoperatividade de certos aspectos funcionais fundamentais, como “a permanencia dos asociados, o excesivo localismo das actividades (...) as escasas experiencias de traballo en rede e a baixa representación do sector na área pública”.

Deste modo, os asociados prefiren manterse a marxe, que a seguir as directrices da administración, a pesar do seu profundo descontento: “As zonas do concello de A Estrada e a súa área de influencia están desartelladas (...) o excesivo localismo (...), a dependencia económica (...), a falla de integración da mocidade nas actividades agrarias como na política local”. “Existen dous tipos de concello no GDR: o concello desenvolvido a través da concentración poboacional o redor da cidade e outros basados na dispersión, ambos responde a falla de planificación territorial diferenciada”.

A pesar deste escenario reactivo, as asociación tenden a aumentar cos seus escasos recursos a oferta de ocio, coñecemento doutros territorios, promoción do asociacionismo, realización de charlas, campañas a prol do uso do galego así como o entendemento da participación nas organizacións como forma de compromiso coa cidadanía.

En definitiva as asociación detectaron as seguintes temáticas na orde de debilidades:

- a) *Participación Social*
- b) *Oferta de actividades asociativas*
- c) *Axudas Públicas*
- d) *Equipamentos culturais*
- e) *Transporte interurbano e comarcal*
- f) *Valorización da música tradicional*
- g) *Economía, emprego e vivenda*
- h) *Planificación interterritorial de servizos e sectores produtivos*
- i) *Desenvolvemento sostible*

## CADRO RESUMO MESA Nº 2: DEBILIDADES, CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

Debilidades, carencias, problemas e dificultades	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Baixa participación social do sector rural en actividades públicas e privadas</li> <li>• Escaso asociacionismo de carácter xuvenil</li> <li>• Involucración baixa dos organismos públicos así como da xuventude</li> <li>• Estancamento da poboación</li> <li>• Inexistencia dunha política de fixación de poboación</li> <li>• Escaso traballo en rede das asociacións xuvenís</li> <li>• Pouco movemento asociativo</li> <li>• Escasas axudas para a realización de actividades xuvenís</li> <li>• Moitos concellos pequenos esquecidos pola administración</li> <li>• Falla dunha rede de locais de ensaio para novos interpretes</li> <li>• Excesivo localismo na planificación da oferta produtiva e de ocio</li> <li>• As zonas de influencia están desvinculadas coa realidade do GDR</li> <li>• Concentración dos servizos sanitarios en Pontevedra</li> <li>• Falta dun estudio dos sectores produtivos potenciais</li> <li>• Abandono e descoido da riqueza patrimonial</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escasa oferta de ocio para a poboación</li> <li>• Ausencia de políticas institucionais para combater as carencias efectivas do territorio</li> <li>• Espazos culturais infrautilizados (colexios unitarios, zonas verdes, zonas dos ríos)</li> <li>• Construcións abandonadas como a escolas unitarias</li> <li>• Equipamentos culturais descoidados</li> <li>• Escasa mobilidade interterritorial pola escasa oferta de transportes públicos</li> <li>• Falla de integración da mocidade na política económica e de vivenda dos concellos</li> <li>• Desconexión da mocidade co sector agrogandeiro e agrícola</li> <li>• Inadecuación da política ocupacional e formativa co municipio</li> <li>• Falla do fomento da agricultura ecolóxica</li> <li>• Pouca conexión da realidade socioeconómica entre os concellos do GDR</li> <li>• As veigas e marxes dos ríos están descoidadas e provoca o esquecemento de rutas tradicionais</li> </ul>

## 2.2. FORTALEZAS INTERNAS

As diferentes posicións abordadas dende o sector tiveron a confluír a hora de definir as potencialidades do territorio. Estas serían as seguintes:

*O patrimonio natural e inmaterial.* A este respecto destacan a riqueza musical, paisaxística e patrimonial do concello. A variedade de elementos arquitectónicos e a posta en valor que se fai por rescatar a música tradicional e a cultura popular.

O sector agrario. Elemento unificador do territorio que levaría a fixar poboación e a potenciar a riqueza territorial da zona. Neste senso na mesa afirmase a “experiencia exemplificante que está levando a cabo a cooperativa monte cabalar”.

A cultura de cambio asociativa. Factor distintivo pola predisposición de determinadas asociacións operantes no territorio e a reivindicación que dende o sector se fai pola recuperación do patrimonio, festas, tradicións, riqueza cultural tradicional, etc.

#### CADRO RESUMO MESA Nº 2: FORTALEZAS INTERNAS

Fortalezas internas	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Riqueza musical, paisaxística e patrimonial</li> <li>• Variedade de elementos arquitectónicos como muíños, mámoas, escolas unitarias, etc</li> <li>• Numerosas apostas polo fomento da tradición musical e cultural</li> <li>• Riqueza etnográfica</li> <li>• Numerosos municipios de forte tradición agrogandeira</li> <li>• Experiencias exemplificante como a cooperativa monte cabalar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As persoas están predispostas o desenvolvemento cultural e económico</li> <li>• Experiencias de festas orixinais como a Festa da Vincha, festival de Couso, etc.</li> <li>• Novas asociacións que reivindicán a riqueza cultural, patrimonial e paisaxística no entorno do GDR</li> </ul>

### 2.3. OPORTUNIDADES EXTERNAS

Tendo en conta a información previa do debate que tomaba como referencia as carencias e fortalezas internas do territorio, pode parecer evidente a existencia dunha clara equidade, en tanto en canto, as tres asociacións representan o sector xuvenil, tendo unha fonda experiencia de traballo. Sen embargo, esta composición actúa abaixo cuantitativamente, e representa un colectivo moi pouco numeroso, con multitude de intereses, non sempre compatibles coas demandas da administración e a poboación.

A pesar deste contexto, observamos unha relación positiva coas oportunidades aportadas noutras mesas. A este respecto, sinalan a necesidade de potenciar o sector do asociacionismo musical, o sector agrario, o patrimonio material e inmaterial, e o turismo rural do territorio.

Pódese afirmar a demais, que todas as oportunidades enunciadas anteriormente non provocan unha mobilización maior, porque realmente o sector non ten percibido un gran cambio na súa actividade coa entrada doutros programas europeos, cambio que seguro percibirán coa entrada de melloras de dinamización que o propio programa do GDR faga para potenciar o asociacionismo xuvenil. Este novo escenario pode xerar, a pesar dunha inicial aceptación, conflitos maiores, se aínda non se teñen estudado e solucionado os problema e demandas do sector.

#### CADRO RESUMO MESA Nº 2: OPORTUNIDADES EXTERNAS

<b>Oportunidades externas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asociacionismo entorno a música e o folk</li> <li>• Festivais musicais de funcionamento interterritorial</li> <li>• Creación dun centro de recuperación de música tradicional xunto cunha guía folk integral</li> <li>• Xeración dunha ampla oferta de turismo rural e proxectos integradores no medio rural (granxa escola, xeracións de novas explotacións)</li> <li>• Aumento da oferta turística coa recuperación de zonas descoidadas nas marxes do río Ulla.</li> <li>• Aproveitamento das escolas unitarias como albergues</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomento da agricultura ecolóxica polas condicións rurais do territorio</li> <li>• Fomentar o coñecemento no territorio e de espazos abandonados</li> <li>• Identificar os recursos do territorio e potenciar como forma de coñecemento do patrimonio inmaterial</li> <li>• Creación de roteiros arqueolóxicos</li> <li>• Fomentar as actividades no río como forma de por en valor a riqueza paisaxística</li> </ul>

## 2.4. PROPOSTAS PARA O PDR

As propostas feitas no grupo de discusión forense estruturando a partir das seguintes ideas:

- a) Festival Folk interparroquial e interterritorial co outros GDR
- b) Centro de recuperación de música tradicional
- c) Recuperación de escolas unitarias como albergues
- d) Inventario de recursos patrimonial no territorio do GDR
- e) Mesa multisectorial no GDR-20 a hora de conformar programas e actuacións públicas en emprego, vivenda
- f) Política de contratación para a poboación asentada no territorio
- g) Fomento de roteiros arqueolóxicos como mecanismo de recuperación e conservación patrimonial
- h) Integración da xente moza no sector mediante campañas de apoio
- i) Axudas a agricultura ecolóxica
- j) Xeración de canles para por en valor turístico as explotacións agrarias
- k) Mellora mediante voluntarios das marxes dos ríos
- l) Dar a coñecer as rutas tradicionais como forma de protexer o patrimonio paisaxístico e patrimonial

### CADRO MESA Nº 2: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

Dinamización e aumento da competitividade do sector agrario e forestal	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Axudas a agricultura ecolóxica</li> </ul>	

### CADRO MESA Nº 2: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR--20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

Mellora medioambiental e do contorno rural	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellora mediante voluntarios das marxes dos ríos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dar a coñecer as rutas tradicionais como forma de protexer o patrimonio paisaxístico e patrimonial</li> </ul>

## CADRO MESA Nº 2: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Mellora da calidade de vida e diversificación da economía rural**

<ul style="list-style-type: none"> <li>Recuperación das escolas unitarias e conversión das mesmas en "hostels" ou "albergues xuvenís"</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Xeración de canles para por en valor turístico as explotacións agrarias</li> </ul>
--	---

## CADRO MESA Nº 2: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Adquisición de capacidades, promoción do territorio rural e mellora da sua gobernanza**

<ul style="list-style-type: none"> <li>Creación de un centro para a recuperación, investigación e divulgación da música tradicional</li> <li>Inventario para a recuperación do patrimonio inmaterial</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Mesa multisectorial no GDR-20 a hora de conformar programas e actuacións públicas en emprego, vivenda</li> </ul>
---	---

## MESA Nº 3: MULLER E IGUALDADE

### 3.1. DEBILIDADES CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

As debilidades e carencias identificadas pola mesa sectorial de Muller e Igualdade son numerosas e pódense organizar en 4 grandes temáticas:

- (1) En primeiro lugar resaltan aqueles aspectos vencellados ás carencias de servizos de proximidade, guarderías e transporte que facilite a muller en particular as familias en xeral, facer uso destes servizos. Con respecto a este tema, resalta a necesidades de axeitar os servizos sociais e as infraestructuras á realidade sociodemográfica e xeográfica galega (por exemplo, ter en conta a organización por parroquias e non soamente a división administrativa por concellos, e a consideración doutros criterios distintos do medio urbano á hora de promover a posta en marcha dunha escola ou dun centro de día):

“Necesitamos servizos que sexan as adecuados e axeitados ó mundo rural: as necesidades das mulleres que traballan e viven no rural son distintas e específicas. Non é o mesmo un centro de día urbano que un centro de día rural, nin unha guardería ten que ser igual: non se pode medir polos mesmos parámetros, polo mesmo número de nenos, etc. É necesario facer infraestructuras e servizos axeitados o medio rural. Non necesitamos unha macro residencia, nin un macro centro de día senon un centro de atención á infancia que preste servizos varios, que amortízase moito millor e que non sexa tan especializado”.

A súa vez, destaca a ausencia dunha maior información e difusión por parte dos concellos e tamén das asociacións dos servizos á dependencia existentes, e do seu funcionamento.

- (2) En segundo lugar, resaltan aqueles aspectos relacionados coa dificultade de rentabilizar as explotacións agrícolas e gandeiras. Ó respecto, destácase a falta de apoios e axudas públicas que promovan a comercialización dos produtos agrícolas e gandeiros. O mesmo tempo, apúntase a necesidade de promover centros de asesoramento e formación que permitan as mulleres coñecer e desenvolver as distintas fases que exixiría unha venda directa dos seus produtos
- (3) En terceiro lugar, resaltan aqueles aspectos relacionados coa formación. Primeiro destácase a ausencia de facilidades que permitan o acceso da muller a unha formación profesionalizadora (dificultades relacionadas co transporte, cos

horarios, coa imposibilidade de conciliar esa formación coa atención á nenos e persoas dependentes). Segundo, o predominio, ata o momento, de iniciativas de formación centradas unicamente no lecer, e non noutras actividades pensadas pra fomentar a autonomía económica.

(4) En cuarto lugar, resaltan as temáticas relacionadas coa ausencia dun traballo mais coordinado e organizado entre asociacións, así como tamén a necesidades por parte das entidades, de intercambiar as experiencias, coñecementos e métodos de traballo adquiridos.

(5) En quinto lugar, destacan os aspectos negativos relacionados cunha mala comprensión do significado do turismo rural:

“O turismo rural ten que servir pra algo mais que para revitalizar o patrimonio e que non caigan as cousas. Ten que dinamizar o rural. Os promotores das casa teñen que crear ese clima pra que fomenten o coñecemento do entorno. Tense que exixir uns mínimos: os turistas terían que ter a opción de ir a túa casa, e comer os teus produtos, ver cómo se ordeñan as vacas, cómo se coidan os animais”.

Fálase da necesidades de exixir que éste teña un maior impacto nas economías domésticas do entorno e na dinamización do rural. En relación con este tema, identifícase a necesidade de facer unha maior explotación por parte das familias e das economías domésticas, das potencialidades do caiño de Santiago.

(6) En sexto lugar, caben destacar aqueles aspectos de carácter estrutural relacionados coa pervivencia de desigualdades de xénero que atribúen a muller a obrigaón escasamente compartida e socialmente valorada de atender os maiores e o nenos.

## CADRO RESUMO MESA Nº 3: DEBILIDADES, CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

<b>Debilidades, carencias, problemas e dificultades</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Rixidez dos trámites administrativos de axuda a persoas dependentes.</li> <li>• Escasez de servizos de proximidade tales como centros de día.</li> <li>• Escasez de guarderías e servizos complementarios (comedores infantís) que afectan a muller en particular e a sociedades en xeral.</li> <li>• Falta de información nos concellos sobre axudas á dependencia e o seu funcionamento e ventaxas que ofrece ás coidadoras familiares.</li> <li>• Ausencia dunha rede de transporte público entre parroquias e concellos.</li> <li>• Ausencia de infraestruturas axeitadas ás necesidades e características do medio rural: Utilización de criterios e parámetros propios do medio urbano na provisión de servizos sociais (escolas, guarderías, centros de maiores).</li> <li>• Descontextualización dos servizos sociais coa realización xeográfica característica de Galicia tal e como é a organización por parroquias.</li> <li>• Alta dispersión xeográfica dos concellos.</li> <li>• Existencia de prexucios sociais contra as mulleres por facer uso dos centros pra persoas dependentes.</li> <li>• Pervivencia das desigualdades de xénero e identificación do problema da dependencia como un problema das mulleres.</li> <li>• Existencia dunha actitude acomodaticia por parte da poboación con respecto o coidado do entorno e do medio comunal.</li> <li>• Dificultade de inserción laboral de mulleres maiores de 45 anos.</li> <li>• Despoboamento do mundo rural</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dificultades de rentabilizar ás explotacións agrícolas e ganderiras.</li> <li>• Ausencia dunha formación flexible e a “domicilio” que permita introducir innovacións nas explotacións agrícolas e ganderías (métodos de produción ecolóxica, etc.)</li> <li>• Falta de apoios públicos pra comercializar os produtos ou excedentes agrícolas e gandeiros.</li> <li>• Existencia dun “mal uso e comprensión” do significado do turismo rural.</li> <li>• Escaso impacto do turismo rural na economía doméstica e familiar do entorno.</li> <li>• Predominio e priorización por parte dos axentes públicos e privados de iniciativas de explotación do rural pouco sosteníbles: campos de golf, plantacións de eucalipto, etc.</li> <li>• Carencia dun traballo conxunto e coordinado entre asociacións.</li> <li>• Problema do localismo das asociacións e necesidade de reorientar ás súas actividades a poboación no seu conxunto.</li> <li>• Ausencia dunha maior explotación da ruta do xacobeo que revirta na economía local e doméstica.</li> <li>• Ausencia de iniciativas que promovan a formación profesionalizadora das mulleres rurais.</li> <li>• Ausencia dunha formación axeitada ás necesidades e o modo de vida das mulleres rurais (polo que fai a contidos, horarios, número de persoas, etc.)</li> </ul>

### 3.2. FORTALEZAS INTERNAS

As fortalezas internas detectadas na mesa sectorial de Muller e Igualdade teñen que ver coas seguintes temáticas:

- (1) En primeiro lugar, coa importancia do papel da muller como axente dinamizador do entorno e potencial axente turístico:

“As mulleres somos potenciais axentes turísticos: é necesario reconvertir as mulleres en guías do seu propio entorno. Hai moitas cousas que se poderían poñer en valor e para iso coida estudar en cada parroquia o que hai, e que é o se podría poñer en valor.”

- (2) En segundo lugar destácase a riqueza agrícola e gandeira do territorio que abarca o GDR-20. Trátase dun territorio caracterizado ademais pola boa repostería e a alta calidade doutros produtos artesanais alimentarios (como os queixos) e non alimentarios como é a cestería, os telares, etc.
- (3) En terceiro lugar, destácase a alta riqueza medioambiental e paisaxística do territorio que dispón dun alto número de ríos, pontes, muiños e rutas que pódense poñer en valor como elementos patrimoniais do territorio.
- (4) En cuarto lugar cabe destacar a potencialidade do turismo rural como medio dinamizador do entorno. O turismo rural, entendido como un medio que potencie o coñecemento do entorno e do medio rural, pode repercir economicamente na economía doméstica das familias rurais e particularmente das mulleres rurais.
- (5) Finalmente, destaca o alto tecido asociativo da comarca relacionado con temas de muller e igualdade. No caso do concello da Estrada é paradigmático xa que estamos a falar dun concello formado por 50 parroquias e 30 asociacións de mulleres.

## CADRO RESUMO MESA Nº 3: FORTALEZAS INTERNAS

<b>Fortalezas internas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Importancia do papel da muller como potencial axente trístico.</li> <li>• Importancia do papel da muller como dinamizadora do medio rural.</li> <li>• Riqueza agrícola e gandaeira do territorio que abarca o GDR- 20.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Riqueza gastronómica do territorio.</li> <li>• Atractivo turístico do territorio que abarca o GDR-20: existencia de rutas de muiños sen explotar.</li> <li>• Potencialidade do turismo rural como medio dinamizador do entorno.</li> <li>• Alto tecido asociativo da comarca relacionado con temas de muller e igualdade.</li> </ul>

**3.3. OPORTUNIDADES EXTERNAS**

As oportunidades externas identificadas na mesa sectorial són as seguintes:

- (1) En primeiro lugar, o fomento do turismo rural dende as instancias públicas, que significa a creación dun contexto favorable para desenvolvemento rural, así como tamén unha puesta en valor do modo de vida rural, e dos produtos artesanais e de calidade.
- (2) En segundo lugar destacan as potencialidades asociadas a ruta portuguesa do camiño de Santiago. Trátase dunha oportnidade externa poco explotada economicamente polas economías domésticas e as propias asociacións do territorio.
- (3) En terceiro lugar, resalta a maior sensibilización social con respecto a temas como a conciliación do traballo doméstico, o traballo productivo/remunerado e o traballo de coidado a persoas dependentes. Neste sentido, o papel que xogan as entidades de mulleres no territorio poden aproveitar a maior visibilización social dos problemas relacionados coa muller e as desigualdades de xénero pra ter un maior impacto e apoio social e institucional.

## CADRO RESUMO MESA Nº 3: OPORTUNIDADES EXTERNAS

<b>Oportunidades externas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Potenciación do turismo rural.</li> <li>• Aproveitamento da ruta do camiño portugués de Santiago.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Maior sensibilización con respecto a desigualdes de xénero e particularmente coa situación da muller.</li> </ul>

**3.4. PROPOSTAS PARA O PDR**

As propostas da mesa sectorial de Muller e igualdade para o Programa de Desenvolvemento Rural do GDR- 20 'Ulla-Umia-Lérez' estrutúranse ó redor de 4 eixos:

- (1) En primeiro lugar, destacan as propostas incluídas na medida 4.1.1. do programa Leader de AGADER, e referidas a "Dinamización do sector agrario e forestal". A proposta incluída neste bloque concréntase na creación dunha rede de pequenos produtores que teña como obxectivo a recuperación de variedades tradicionais e a potenciación de produtos de calidade. Esta proposta inclúe dous apartados diferenciados:
  - (a) A Potenciación do mercado local a través da creación dunha rede de comercialización dos produtos e excedentes agrícolas, forestais e artesanais. Con esta rede se plantexa fomentar a creación de mercados locais de calidade, sostíbeis e que garanten a dinamización das economías domésticas do territorio de proximidade. A devandita rede de comercialización facilita a cooperación entre asociacións e pequenos produtores para a venda directa dos produtos artesanais de calidade característicos da zona, as variedades tradicionais, así como tamén a aproximación dos excedentes de produción a outros concellos e parroquias colindantes.
  - (b) A creación dun portal de produtores e de puntos de venda directa dos produtos agrícolas e artesanais. Esta proposta plantexa estruturar e ordenar a información relativa ós diferentes pequenos produtores dos territorios do GDR-20, así como tamén os diferentes punto de venda directa dos produtos artesanais da zona. O obxectivo é facer accesible este conxunto de información

para os diferentes produtores e consumidores da zona ou ben doutros concellos ou comarcas. De esta maneira, poténciase a comercialización dos produtos agrarios, o traballo en rede e o coñecemento entre diversos produtores da zona, e foméntase un tipo de turismo local e economicamente sostible para o territorio.

- (2) En segundo lugar, destacan as propostas de actuación incluídas na medida 4.1.3. relativa a “Diversificación da economía rural e a mellora da calidade de vida”.
- (a) A Creación de rutas interpretativas de senderismo que inclúa a sinalización de elementos histórico patrimoniais (muiños, pontes, etc.), de espazos e recursos naturais (fauna, flora, sinalización das posturas dos ríos, etc), así como tamén elementos característicos do modo de vida do territorio (granxas e hortas, espazos sociais ou outros centros de interés da zona). [Esta proposta vincúlase coa proposta: Creación dunha rede de microempresas de agroturismo orientadas coñecemento do modo de vida rural]
- (b) Acondicionamiento dos espazos lúdicos e recreativos xa existentes.
- (c) A creación dunha rede de microempresas de agroturismo orientadas o coñecemento do modo de vida rural. Nesta proposta cabe destacar o papel da muller como guía do seu propio entorno, e coma axente capaz de poñer en valor, e no seu caso, recuperar ou restaurar os produtos e os espazos naturais e culturais característicos da zona. (Esta proposta inclúe a anterior relativa á creación dunha ruta interpretativa de senderismo).
- (d) A creación dun centro polivalente / multiusos que abarque a provisión, a pequena escala, de servizos de atención á infancia, á terceira idade, asesoramento da muller, e recuperación de oficios tradicionais. Este último aspecto é relevante, xa que permitiría o desenvolvemento de actividades co sector da terceira idade, relacionadas coa recuperación de actividades tradicionais artesanais. Este centro ha de estar axeitado ás características sociodemográficas e as necesidades do medio rural, que permita o mesmo tempo o traballo en rede entre as diferentes entidades das parroquias ou persoas individuais. Implica a creación dunha rede de asistencia a persoas dependentes, a creación dunha coordinadora de transporte entre as diferentes asociacións, e a cooperación e fortalecemento das entidades e asociacións.

(e) Creación de granxas escolas en cooperación con escolas do medio rural e urbano ó longo de todo o ano. Esta proposta fomentaría a diversificación económica das familias que poseen explotación agrogandeiras e a difusión e posta en valor do modo de vida rural.

(f) Creación dun observatorio da igualdade. Inclúe dúas subpropostas:

- (i) Elaboración dun diagnóstico e dun plan de igualdade territorial, e
- (ii) Implementación dun plan de igualdade de oportunidades territorial (incluída tamén na medida 431).

(3) En terceiro lugar, destaca a proposta incluída na medida 431 “Adquisición de capacidades e promoción territorial”: A creación dunha rede de asociacións centrada na difusión do programa no territorio, o desenvolvemento de proxectos sectoriais colectivos de coordinación e accións conxuntas, accións formativas vinculadas a aplicación da estratexia, valorización do patrimonio cultural inmaterial e a incorporación da perspectiva de xénero nas accións de cooperación.

### CADRO MESA Nº 3: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Dinamización e aumento da competitividade do sector agrario e forestal</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación dunha rede de pequenos produtores que teñan como obxectivo a recuperación de variedades tradicionais. Esta proposta inclúe dúas liñas de actuación: (a) Creación dunha rede de comercialización dos produtos e excedentes agrícolas, forestais e artesanais. (b) Creación dun portal de produtores e de puntos de venda directa dos produtos agrogandeiros e artesanais.</li> </ul>	

## CADRO MESA Nº 3: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Mellora da calidade de vida e diversificación da economía rural</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación dunha ruta interpretativa de senderismo que inclúa a sinalización de elementos histórico patrimoniais (muiños, pontes etc.), de espazos naturais, así como tamén elementos característicos do modo de vida do territorio (granxas, espazos sociais). (En asociación coa seguinte proposta)</li> <li>• Creación dunha rede de microempresas de agroturismo orientadas coñecemento do modo de vida rural.</li> <li>• Acondicionamiento dos espazos lúdicos recreativos existentes.</li> <li>• Creación dun centro polivalente que abarque a provisión, a pequena escala, de servizos de atención á infancia, terceira idade, asesoramento da muller e recuperación de oficios tradicionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación de granxas escolas en cooperación con escolas do medio rural e urbano ó longo de todo o ano.</li> <li>• Creación dun observatorio da igualdade. Inclúe dúas subpropostas: (i) Elaboración dun diagnóstico e dun plan de igualdade territorial, e (ii) Implementación dun plan de igualdade de oportunidades territorial.</li> </ul>

## CADRO MESA Nº 3: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Adquisición de capacidades, promoción do territorio rural e mellora da sua gobernanza</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación dunha rede de asociacións centrada na difusión do programa no territorio, o desenvolvemento de proxectos sectoriais colectivos de coordinación e accións conxuntas, accións formativas vinculadas a aplicación da estratexia, a valorización do patrimonio cultural inmaterial e a incorporación da perspectiva de xénero nas accións de cooperación.</li> </ul>	

## MESA Nº 4: AGROGANDEIRA

### 4.1. DEBILIDADES CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

No diagnóstico realizado sobre os aspectos físicos e patrimoniais do territorio destaca como aspecto débil da comarca a existencia de abundantes terras para a gandería e a agricultura que están abandonadas, improductivas, ou cando menos moi mal aproveitadas. Abandono sistemático dos cultivos que inclúen incluso os dedicados ao aprovisionamento doméstico: “na zona de Forcarei todo está abandonado, é unha tristeza enorme”; xunto coa ilegalidade na que están incorrendo algúns particulares de estar plantando “monte” en zonas agrícolas, ofrece para os integrantes desta mesa un panorama desolador.

Faise urxente a concentración parcelaria onde aínda non está implantada:

“... o primeiro é a concentración parcelaria, hai terras de primeira onde non da a volta o tractor: así non é rendible ningún cultivo”.

Ademais, cara o sur da zona, as fincas son máis pequenas o que supón un encarecemento do transporte para ir dunha a outra, así como unha grave ineficiencia na xestión do tempo de traballo nas parcelas.

Polo que respecta aos recursos humanos e demográficos dende o punto de vista das súas debilidades, o diagnóstico é desalentador. Na desconfianza, o egoísmo e a envexa está depositada toda a carga da culpa: non está estendida a parcelaria todo o que debería, non ter un grupo lácteo propio do país, falta de espírito asociativo (din era mais forte fai vinte anos), non se fixeron plantacións sostibles e diversificadas do monte, etc.

O agro é moi atado, ten escasa rendibilidade, non ofrece posibilidades sociais atractivas, nin hai un recoñecemento social polo traballo desenvolvido; por eso a xente nova vaise, e débese motivar a xente de entre 40-50 anos para que non sigan o mesmo camiño.

Os novos non entran no rural: “aproveitan as subvencións e aos cinco anos vanse”. Existen opinións encontradas respecto dos valores dos mozos; fronte os que pensan que a xuventude é bastante “fulera”, hai quen expón o compromiso doutros que asumen e responden en postos de responsabilidade nos consellos rectores das cooperativas.

Existe a percepción de que a xente que quedou no campo non tiña vocación, quedou sen formación e con sensación de fracaso e fastío. Faltan líderes que desenvolvan experiencias exitosas na actividade agrogandeira; tampouco hai ninguén que se poña a fronte para xerar un conciencia de valor polo agro: o xeito de vida, o traballo que se realiza, os produtos que xera, e a función social e ambiental que desenvolve.

O escaso apoio da Administración Pública pouco axuda neste sentido; segundo os compoñentes desta mesa, fai falta vontade política real para apoiar o medio rural e o seu desenvolvemento. Neste orden de cousas se pronuncian dicindo que “á xente que traballa no rural non lle ten chegado un duro de Europa”

Respecto do ámbito estritamente económico consideran que a actual tendencia de depender en grado excesivo de *inputs* que veñan de fora do sistema é unha mala política para a economía da explotación. Se entende que hai que producir doutra maneira, se se quere dotar de viabilidade o proceso productivo no campo. A alza nos prezos dos fertilizantes, fitosanitarios e dos pensos, xunto coa baixada dos prezos que se lle paga ao agricultor polos seus produtos, nomeadamente o leite, pon contra as cordas as economías das explotacións e fan perder a “ilusión” da xente do agro. Todo este proceso ten que ver con que cada día haxa menos gandeiros e que, na perspectiva que manexa a xente, esta tendencia non vaia cambiar de sentido: “na gandería aguantamos porque non temos máis remedio, non temos outras alternativas”.

O feito de que cada día sexan menos as explotacións e que a súa función sexa complementar os salarios que se gañan fora, unido o encarecementos dos insumos, provoca unha redución importante na cantidade de explotacións que depositan leite nas cooperativas.

Respecto da diversificación da economía agraria comentan que o problema da froitocultura é que hai que esperar alomenos cinco anos para recoller a primeira colleita. Outros dos problemas máis importantes detectados é o que ten que ver coa posta en valor do produto local. Respecto a esta cuestión, o factor clave é a

comercialización, polo que convén ter control de toda a cadea, dende a produción ate a colocación dos produtos no mercado.

Neste senso, se considera unha debilidade a ausencia de industrias de transformación da materia prima local . Existe unha grande resistencia da xente fronte aos cambios e ás innovacións, e esta actitude frea a posibilidade de diversificar as fontes de ingresos da economía rural.

En relación o turismo rural, considérase que o feito pouco ten axudado ao medio rural; en moitos casos, serviu para acondicionar a casa “dos ricos”, e teñen deixado ós paisanos cun “palmo de narices” cando se lles dan as queixas polo cheiro das vacas.

O manexo, as veces inadecuado, de *puríns*, e as prácticas incorrectas no uso de fitosanitarios, representan un problema que require un tratamento urxente.

#### CADRO RESUMO MESA Nº 4: DEBILIDADES, CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

<b>Debilidades, carencias, problemas e dificultades</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presencia de abundantes e fértiles terras que están improproductivas ou mal aproveitadas.</li> <li>• Se está a plantar monte en zona agrícola.</li> <li>• Pendente en algúns lugares de realizar a concentración parcelaria.</li> <li>• Pequenas dimensións das fincas, sobre todo cara o sur da zona.</li> <li>• Non hai un grupo lácteo galego.</li> <li>• Falta de espírito asociativo.</li> <li>• Non ter realizado plantacións sostibles e diversificadas no monte.</li> <li>• O agro é moi “atado”.</li> <li>• O agro é escasamente rendible e o traballo realizado non está valorado socialmente.</li> <li>• Falta de vocación e formación profesional da xente que quedou no agro.</li> <li>• O rural non ten líderes nin se divulgan as experiencias exitosas neste medio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reducido apoio da Administración Pública.</li> <li>• Excesiva dependencia dos derivados do petróleo.</li> <li>• Baixada nos prezos agrícolas (nomeadamente leite)</li> <li>• Cada día hai menos gandeiros e agricultores e son cada vez máis maiores (non hai perspectivas de cambio).</li> <li>• Non existe unha estratexia comercializadora para os produtos do agro.</li> <li>• Ausencia de industrias de transformación da produción agrogandeira.</li> <li>• Falta de profesionalidade na xestión das explotacións agrogandeiras.</li> <li>• Escasa tendencia a innovar.</li> <li>• Non se teñen aproveitado os recursos invertidos en turismo rural.</li> <li>• Prácticas de tratamento de residuos agrogandeiros e de emprego de fitosanitarios inadecuados.</li> </ul>

## 4.2. FORTALEZAS INTERNAS

En relación ao patrimonio físico, esta mesa, identifica zonas con potencialidades diversas de desenvolvemento agrogandeiro e industrial. O norte da comarca defínese cunha maior capacidade e potencialidade para a gandeiría, e ao sur ten boas cualidades para a horticultura e a produción de viños: o terreo é moi apto para estas actividades e ademais é moi productivo. A heteroxeneidade física do territorio representa, para este colectivo, unha fortaleza interna que posibilita unha diversidade e complementariedade das actividades necesarias para a diversificación da actividade agropecuaria local.

Hai terreo especialmente apto para a horticultura e a fruticultura. Os produtos hortofrutícolas teñen certa tradición e recoñecen a súa calidade e variedade.

Outro aspecto potente da comarca é a súa capacidade como productora de madeira e a grande tradición das súas serrarías e da industria do moble.

A valorización medioambiental e patrimonial deste territorio desata un consenso xeneralizado. A cantidade e a calidade do seu patrimonio material e inmaterial é valorado de xeito incontestable. Todas estas razóns converten a este territorio nun candidato sen discusión para o turismo rural auténtico, o que se denomina agroturismo:

“A xente de fora de Galicia prefire ver unha cousa máis auténtica, e ver como traballamos coas vacas e todo eso”.

Respecto dos recursos humanos representa unha fortaleza a existencia de persoas realmente loitadoras, traballadoras combativas e, ate certo punto, innovadoras-solitarias dentro dun medio un tanto hostil a estas prácticas.

Polo que a economía se refire, a produción de gando se fai cunhas garantías demostrables e de xeito aínda non moi caro. Tamén se reflicte a importancia que o agricultor e gandeiro ten para o medioambiente como conservador do contorno e como mediador entre a natureza e a produción de alimentos para a poboación.

## CADRO RESUMO MESA Nº 4: FORTALEZAS INTERNAS

<b>Fortalezas internas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Heteroxeneidade do territorio incrementa as posibilidades do seu desenvolvemento socioeconómico.</li> <li>• Terreo moi apto para a gandería, a hortofruticultura e o pastoreo.</li> <li>• Grande potencial para un desenvolvemento racional e sostible da produción madeireira.</li> <li>• Valor medioambiental moi elevado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Se ten capacidade para producir sen dependencia excesiva de insumos externos.</li> <li>• Os agricultores e gandeiros (aínda) teñen presente que producen alimentos e a responsabilidade que eso conleva.</li> <li>• Grande riqueza do patrimonio material e inmaterial da zona</li> </ul>

### 4.3. OPORTUNIDADES EXTERNAS

A crise alimentaria actual e a volta aos valores de “autenticidade”, e de valorización do propio a través do consumo dos produtos locais, representa algo mais cunha oportunidade. Indica o momento ideal para confeccionar un plan estratéxico que poida poñer os canles para satisfacer a un perfil de cliente preocupado pola súa saúde tanto como polo medioambiente.

Os tempos de crises económica poden ser os intres oportunos para que a xente que estivo cerco, e nunca deu o paso para instalarse e producir no agro, o faga. Neste senso o proxecto Leader é visto polos participantes da mesa como unha oportunidade única e quizás a derradeira: no campo pódese gañar o suficiente, “vívese”, e os agricultores, “aínda poden encher os maleteiros dos coches que cada fin de semana chegan as aldeas”.

No ámbito das oportunidades que o marco legal ofrece, as persoas integrantes da mesa identifican ás UXFOR (unidades de xestión forestal) como unha oportunidade de poñer en marcha procesos de racionalización, diversificación e xestión forestal. Sería bo, segundo este colectivo, que estes obxectivos foran acompañados dun plan estratéxico integral de desenvolvemento da zona.

## CADRO RESUMO MESA Nº 4: OPORTUNIDADES EXTERNAS

Oportunidades externas	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Existe unha demanda de turismo de saúde e tranquilidade.</li> <li>• A actual crise agropecuaria a nivel mundial, pode motivar ós mozos a quedar ou volver o campo.</li> <li>• Existe un público que busca experiencias auténticas no seu tempo de ocio e vacacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As Unidades de Xestión Forestal (UXFOR)</li> <li>• Necesidade de incorporar o mundo rural as novas tecnoloxías.</li> </ul>

#### 4.4. PROPOSTAS

Respecto da dinamización do sector agrario e forestal son tres as liñas directrices sinaladas. En primeiro lugar, é preciso unha organización funcional do territorio agrícola a través de medidas que racionalicen os insumos necesarios para a súa explotación. Tal é o sentido da necesidade da concentración parcelaria.

Nun segundo termo, está a diversificación e complementariedade das labores agrogandeiras e forestais. Neste senso faise urxente introducir novos modelos de xestión do monte que permitan desenvolver cultivos de alto valor engadido, aumentar e diversificar a produción hortofrutícola, e facer unha aposta decida polo desenvolvemento da agricultura ecolóxica e tradicional.

Por último, parece que é urxente desenvolver unha estratexia comercial integral que aborde as formas de producir, as diversidades producidas, o traballo de coidado mediambiental que realizan os campesiños, o valor nutricional e cultural do produto producido localmente, e, ademais, que trate de establecer unha relación có consumidor que supere a pura transacción económica. A posta en valor do produto local parece que debería de integrar todos este *ítems*.

Polo que respecta a mellora do medioambiente e do contorno rural todas as medidas adicionais que se fagan para preservar ou mellorar o contorno son benvidas; pero, existe un consenso xeneralizado sobre que o maior impacto para a conservación e

mellora mediambiental está nas boas prácticas agrogandeiras e industriais que se empreguen. Por eso, se incide en que é moi importante axudar ao campesiño, ao habitante do rural, a que mellore as súas prácticas productivas e de relación co *habitat* para que se poidan converter no máis efectivo activista medioambiental.

En canto as liñas de actuación que son susceptibles de poder mellorar a vida no campo todas pasan por crear opcións de vida e de traballo no mesmo. Desta maneira indican que se debería de aproveitar máis e mellor as augas da comarca para crear unha horta altamente productiva e de calidade.

Tamén débese promover a creación dunha industria de transformación dos produtos locais que inclúa ademais un apartado para a elaboración de produtos artesanais ou caseiros. Unha maneira de dar saída aos mesmos sería consumíndoos nos centros turísticos da comarca –incluso podendo vendelos alí mesmo -ou creando centrais de venda de produtos locais no mesmo territorio. Os mercados de abastos das vilas e cidades próximas xunto coas canles das feiras tradicionais son outras tantas opcións para dar saída a produción local.

Por último respecto da mellora da gobernanza do territorio se pide que se incorporen procedementos e transparencia informativa no anuncio destes programas europeos. De igual xeito se propón que haxa un maior control e seguimento dos fondos concedidos con cargo a proxectos de dinamización do rural, así como un alixeiramento da carga burocrática nos procesos de creación e promoción de novas actividades no rural.

## CADRO MESA Nº 4: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Dinamización e aumento da competitividade do sector agrario e forestal**

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Concentración parcelaria.</li> <li>• Aproveitar o territorio para o desenvolvemento agrícola.</li> <li>• Diversificar a incrementar o cultivo de produtos hortofrutícolas.</li> <li>• Buscar novas formas de utilización e racionalización do uso da maquinaria agrícola.</li> <li>• Mellora do uso productivo do monte con especial atención a proxectos de integración da súa diversidade de usos productivos.</li> <li>• Indagar en modelos de agricultura sustentables (agricultura ecolóxica, etc).</li> <li>• Que as subvencións lle chegue a xente que xa está traballando no agro.</li> <li>• Aproveitar mellor as augas para crear máis zonas de horta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implementar novas formas de regadío a través de novas tecnoloxías. (p.e. por goteo).</li> <li>• Incorporar proxectos de enerxías renovables nas explotacións agrogandeiras.</li> <li>• Facer chegar información ao consumidor sobre os proceso de produción agraria.</li> <li>• Concienciar o consumidor a favor do produto autóctono.</li> <li>• Desenvolver o regulamento dos produtos caseiros.</li> <li>• Chegar co produto agrario directamente ao consumidor.</li> <li>• Desenvolver canles de comercialización axeitados.</li> <li>• Utilizar as canles tradicionais de venta, p.e, mercados de abastos e feiras tradicionais.</li> </ul>
--	---

## CADRO MESA Nº 4: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR--20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Mellora medioambiental e do contorno rural**

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implicar a todos os habitantes do rural no coidado do seu medio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formar en boas prácticas no uso de fitosanitarios, fertilizantes químicos e manipulación de <i>puríns</i>.</li> </ul>
--	--

## CADRO MESA Nº 4: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Mellora da calidade de vida e diversificación da economía rural</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Crear pequenas industrias que aproveiten os recursos locais.</li> <li>• Promover a creación de empresas de transformación de produtos agrarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver modelos de turismo rural ligados á posta en valor do patrimonio material e inmaterial da zona.</li> </ul>

## CADRO MESA Nº 4: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Adquisición de capacidades, promoción do territorio rural e mellora da súa gobernanza</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reducir a carga burocrática dos procesos para a posta en marcha iniciativas de desenvolvemento local.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Control do uso e xestión dos fondos asinados aos proxectos (moito abandono de instalacións subvencionadas).</li> </ul>

## MESA Nº 5: TURISMO E HOSTALERÍA

### 5.1. DEBILIDADES CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

Os déficit identificados pola mesa sectorial de Turismo e Hostalería do territorio do GDR-20 fan referencia a catro grandes temáticas:

- (1) En primeiro lugar, cabe mencionar ó conxunto de carencias relacionadas co feito de non ser destino turístico. Dende o punto de vista da demanda estatal, a visita turística a Galicia ven motivada, nun alto porcentaxe, polas seguintes variables: “Marisco”, “Albariño”, “Santiago”, “Costa (Rías Altas e Rías Baixas)”, “Paisaxe” “Tranquilidade”, “Cultura” etc. Os concellos incluídos no territorio GDR 20 non ofertan ningunha destas variables en exclusividade. A nivel galego, e para clientes galegos (considerando que o sector depende nun alto porcentaxe de clientes de Galicia) o territorio non constitúe un destino turístico, nin consolidado nin emerxente.

Asemade, e moi ligado coas posibilidades de “facer ou non destino”, han de terse en conta os medios polos que se están mercando os produtos turísticos. Nun altísimo porcentaxe, as operacións comerciais no sector Turismo (entendido como tal os desprazamentos, as pernoctacións e as mantencións) realízanse a través dos “operadores turísticos” sitos na chamada *rede de redes*; e decir, webs, portais ou buscadores que, empregando internet como ferramenta, poñen á venda os diferentes produtos e destinos turísticos.

Agora ben, o problema radica en que, na maioría dos casos, están seguindo uns patróns territoriais de venda, que no caso do territorio do GDR 20 non son beneficiosos, senon máis ben perxudicais:

“A venda nos portais e webs de internet, está configurada a través das delimitacións físico-políticas do territorio establecida por provincias e comarcas sen atender, en ningún momento, a teoría dos chamados xeodestinos turísticos; entendendo por xeodestino turístico ou destino turístico xeográfico, aquel territorio con estrutura turística, que definidos, mais-menos claramente os seus límites xeográficos, oferta e demanda servizos turísticos. A nosa teoría ao respecto é que se o cliente fai a súa búsqueda, baixo motivacións propias conocidas por nos, debemos organizar a venda en función desas motivacións de compra”.

Este constitúe un aspecto relevante que implica ós distintos actores tanto públicos como privados e de ámbito local, comarcal, provincial e autonómico.

- (2) En segundo lugar, destaca a ausencia dun traballo coordinado entre as diferentes entidades, empresas e institucións públicas pra desenvolver unha estratexia global e conxunta de comercialización que promova o turismo na comarca. Este problema ven agravado pola competencia cos macro-destinos e macro-estruturas, que en momentos de crise ou simplemente recesión económica, como o que estamos a vivir, se ven especialmente magnificados.
- (3) En terceiro lugar, resaltan os déficits asociados á consolidación e estruturación do produto turístico ofertado. Nun contexto de fortes desequilibrios entre unha elevada oferta turística de calidade e unha demanda escasa e discontinua ó longo do ano, apúntase a necesidade de reorientar os produtos ofertados: redefinir as festas gastronómicas pra que teñan unha maior repercusión económica nos concellos; apostar por servizos complementarios ós establecementos que supoñan un maior atractivo turístico e unha maior capacidade de competir co turismo da costa; ou cofinanciar ás empresas do sector para garantir prezos máis competitivos nalqueas áreas afectadas polo camiño de Santiago, són aguns exemplos.

No tocante ao Turismo Rural o territorio dispon de toda a estrutura necesaria para aqueles que buscan ese determinado produto (descanso, tranquilidade, trato próximo, comidas caseiras, arquitectura tradicional, xardín, piscina, lugares para o paseo, etc.). Agora ben, éste está fora dos circuitos de compra.

“O produto Turismo Rural, acostúmao a mercar aquel cliente que no seu día a día, non posúe ou non dispón de aquilo que nos ofertamos. ¿Donde está ese cliente? Maioritariamente nas grandes cidades. Logo ¿donde está o problema? En que a grande cidade que demanda os nosos servizos, maioritariamente, está a 6 horas de aquí, e que para un fin de semana, non compensa facer 12 horas de viaxe, falo de Madrid, claro está. E ¿que pasa con Santiago, Vigo, Coruña...? Pois aínda quedan abuelos, tíos e outros familiares que ofrecen e lles reportan o consumo destes mesmos “bens” a prezo de “gratis” os fins de semana”.

Crear produto e dar resposta ás motivacións de compra dos clientes a través de actividades culturais varias, deportes de aventura e risco, excursións, xornadas gastronómicas, micolóxicas, visitas a museos, etc, son exemplos do que se pode ofertar combinado co aloxamento.

#### CADRO RESUMO MESA Nº 5: DEBILIDADES, CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

<b>Debilidades, carencias, problemas e dificultades</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falta de dotación estrutural para que a Comarca sexa un destino turístico como tal.</li> <li>• Falta de adecuación do territorio, en concreto dos elementos específicos e atractivos do territorio, ao servizo do uso turístico.</li> <li>• Ausencia dunha identidade, dunha especificación da comarca como destino turístico, motivado pola non dignificación do noso territorio como propio</li> <li>• Dificultade de diferenciarse como destino turístico e como produto turístico.</li> <li>• Dificultade de competir no mercado turístico no contexto económico actual de crise.</li> <li>• Baixo nivel de ocupación da hostelería.</li> <li>• Exclusión do círculo turístico de Santiago (existencia da línea divisoria do Val de Ulla dende o punto de vista turístico e político: limitación dende o punto de vista da venta).</li> <li>• Ausencia dun traballo colectivo coordinado entre as asociacións, os concellos.</li> <li>• Asociacións pequenas con pouco poder de influencia na clase política, capaz de garantir apoios específicos para o sector.</li> <li>• Dificultade de implicar e mobilizar ós socios no traballo das asociacións.</li> <li>• Escasa colaboracións dos concellos coas asociacións.</li> <li>• Forte desequilibrio entre a oferta e a demanda.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non repercusión económica das festas gastronómicas nos concello.</li> <li>• Ausencia dunha extratexia global que promova o turismo da comarca, concello, e territorio.</li> <li>• Déficit da sinalización nas estradas. Ausencia dunha normativa específica respecto da sinalización. Existencia dun conflito de corte institucional.</li> <li>• Pouco coidado das rutas de senderismo por parte das institucións públicas.</li> <li>• Faltan campañas de promoción do sistema de Q de “Calidade”. Escasa repercusión da Q de calidade.</li> <li>• Escasa repercusión económica do camiño de Santiago e da Vía da Prata.</li> <li>• Non aproveitamento das estruturas de aloxamento e hostelería existentes na ruta do camiño de Santiago: cofinanciar ás empresas para que o peregrino teña a posibilidade de durmir en casas de turismo rurais.</li> <li>• Ausencia dunha cofinanciación do sector por parte das institucións públicas (a través de convenios, de accións políticas que cofinancien) para poñelas no mercado a un prezo económico.</li> <li>• Dificultades de comercialización da oferta turística.</li> <li>• Cobro de altas comisións por parte dos grandes maioristas para comercializar a oferta turística do rural.</li> <li>• Dificultade de competir cos grandes maioristas.</li> </ul>

## 5.2. FORTALEZAS INTERNAS

As fortalezas internas da mesa Turismo e Hostalería teñen que ver coas seguintes temáticas:

- (1) En primeiro lugar, co amplo abanico de posibilidades e atractivos turísticos do territorio abarcado polo GDR-20 que comprende dende a riqueza dos recursos naturais e paisaxísticos dos seus ríos e bosques, até un rico patrimonio histórico-monumental e arqueolóxico. A auga, no caso da comarca de Caldas, é unha importante fonte de riqueza en torno á que xorde un destacado turismo termal endógeno de elevada importancia pola súa contribución á diversificación da economía local. No caso da comarca de Tabeirós - Terra de Montes, destaca tamén a existencia dun alto potencial turístico baseado nas peculiaridades paisaxísticas e histórico - artísticas dos concellos (cruceiros, pontes, igrexas de gran valor arquitectónico, calzadas romanas, etc) susceptible de ser posto en valor, promocionado e introducido nos círculos comerciais.
- (2) En segundo lugar, destaca a existencia dunha estrutura de aloxamentos de calidade en tódala comarca. Éste é un aspecto destacable xa que demostra a necesidade de potenciar tanto dende as institucións como dende as asociacións e empresas do sector, as actividades complementarias o aloxamento e manutención dos turistas e visitantes.
- (3) En terceiro lugar, destaca un forte dinamismo por parte dos empresarios do sector de turismo e hostalería, que precisamente reclama dun traballo de carácter máis coordinado polos principais actores da comarca.

### CADRO RESUMO MESA Nº 5: FORTALEZAS INTERNAS

<b>Fortalezas internas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia dun alto potencial turístico nos diversos concellos (augas termais, montaña).</li> <li>• Existencia de micros elementos, que postos en valor sería un alto atractivo turístico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia dunha estrutura de aloxamentos de calidade na comarca.</li> <li>• Posta en práctica de iniciativas diversas por parte dos empresarios/as do sector.</li> </ul>

### 5.3. OPORTUNIDADES EXTERNAS

As oportunidades externas identificadas pola mesa sectorial de Turismo e Hostalería son as seguintes:

- (1) En primeiro lugar, destaca a potencialidade de certos colectivos como mozos/as e maiores que polas súas características sociolóxicas vencelladas a modos de vida e consumo constitúen un forte potencial de clientes e de usuarios do sector.
- (2) En segundo lugar, caben resaltar as oportunidades ligadas ó Camiño Portugués de Santiago e a Vía da Prata, polas posibles iniciativas e repercusións económicas para a comarca, aínda pouco explotadas.
- (3) En terceiro lugar, destaca a existencia de fondos europeos e plataformas como a presente do programa Leader, para xestionar a medio e longo prazo a sustentabilidade turística da comarca.
- (4) En cuarto lugar, as devantidas oportunidades tamén se refiren ó novo decreto da Xunta de Galicia sobre sinalización a nivel galego, que permitirá avanzar progresivamente hacia a ordenación dun novo modelo de sinalización que facilite o mellor coñecemento do entorno e unha máis fácil orientación e conducción no medio rural.

#### CADRO RESUMO MESA Nº 5: OPORTUNIDADES EXTERNAS

<b>Oportunidades externas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Potencialidade da xuventude e da xente maior como posibles clientes e usuarios do sector.</li> <li>• Aproveitamento das ofertas turísticas de Galicia para organizar as viaxes da terceira idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia de fondos e iniciativas europeos para xestionar a medio/longo prazo a sustentabilidade turística.</li> <li>• Potencialidade do Camiño Portugués e Vía de Prata.</li> <li>• Novo decreto da Xunta de Galicia sobre sinalización a nivel galego.</li> </ul>

## 5.4. PROPOSTAS PARA O PDR

As propostas da mesa sectorial Turismo e Hostalería para o Programa de Desenvolvemento Rural do GDR- 20 "Ulla-Umia-Lérez" estrutúranse ó redor de tres eixos que a súa vez inclúense na medida 4.1.3 do programa Leader Galiza 2007-2013, relativa a "Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida", e máis concretamente ó fomento de actividades turísticas:

(1) O primeiro eixo atende o estudo das posibilidades turísticas do territorio, a posta en valor dos seus elementos característicos e a creación daqueles escasamente explotados que son susceptibles de complementar a oferta xa existente. Este eixo concrétase na seguinte proposta:

- Deseño dunha estratexia global de turismo interior para as comarcas de Caldas e Tabeirós - Terra de Montes: elaboración dun plan de dinamización turística. Esta proposta inclúe os seguintes aspectos:

- 1.- Identificación dos elementos potencialmente viables para o desenvolvemento do turismo na comarca.
- 2.- Estudo das posibilidades de cada un deles.
- 3.- Propostas de actuación en cada caso.
- 4.- Deseño dos percorridos e dos "discursos" de cada un deles (deportivo, cultural, etnográfico, de descanso, termal, mixto, etc).

Como se observa, esta proposta insiste na definición e no estudo das potencialidades de dous elementos diferenciados pero estreitamente vinculados: o territorio en tanto que destino turístico, e a oferta turística ofertada dentro territorio, isto é, o producto turístico.

(2) O segundo eixo ten que ver coa creación do produto turístico ofertado. Eiquí destacan as iniciativas que afondan na creación dun produto turístico específico, diferenciado e de calidade, e coa explotación eficiente e rentable, e a mellora de calidade dos recursos (establecementos de aloxamento e hostalería) xa existentes. Este eixo concrétanse no seguintes puntos:

- A creación dun sistema de cofinanciación a empresas de aloxamento, hostelería e ocio en xeral, que sexa capaz de elaborar ou crear diferentes produtos turísticos para a súa venda.

- A creación dun portal de actividades turísticas e deportivas vencelladas, coñecemento do medio natural, cultural e histórico do territorio

(3) O terceiro eixo atende as propostas relacionadas coas carencias en termos de venda, comercialización e posta en valor do destino turístico da comarca. Neste punto destaca a seguinte proposta:

- Creación dunha estrutura de venda e comercialización pra xestionar a oferta turística da comarca.

#### CADRO MESA Nº 5: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Mellora da calidade de vida e diversificación da economía rural</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deseño dunha estratexia global de turismo interior para as comarcas de Caldas e Tabeirós - Terra de Montes. Elaboración dun plan de dinamización turística. Esta proposta inclúe os seguintes elementos: 1.-Identificación dos elementos potencialmente viables para o desenvolvemento do turismo na comarca 2.- Estudo das posibilidades de cada un deles 3.- Propostas de actuación en cada caso 4.- Deseño dos percursos e dos "discursos" de cada un deles (deportivo, cultural, etnográfico, de descanso, termal, mixto, etc)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación dun portal de actividades turísticas e deportivas vencelladas coñecemento do medio natural, cultural e histórico do territorio.</li> <li>• Creación dun sistema de cofinanciación a empresas de aloxamento rural, hostelería e ocio en xeral capaz de elaborar diferentes produtos turísticos para a súa venda (por exemplo, para acollir os peregrinos do camiño de Santiago).</li> <li>• Creación dunha estrutura de venda e comercialización pra xestionar a oferta turística da comarca.</li> </ul>

<b>MESA Nº 6: VECIÑAL</b>
---------------------------

## 6.1. DEBILIDADES CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

Neste punto as asociacións participantes no grupo de discusión viñeron a establecer como principais carencias, problemas ou dificultades no territorio do GDR, as seguintes temáticas<sup>1</sup>:

*No Desenvolvemento sostible.* Neste apartado contabilizáronse catro aspectos en redor dos problemas que levan aparellados o abandono do patrimonio, a súa conservación e a inadecuación do sector agrario cos novos avances tecnolóxicos, deixándoo polo tanto “(...) fora dun medio sostible e de calidade de vida”.

*Na Sociodemografía.* A disparidade do dinamismo local aboca a unha conclusión para o sector, “as aldeas e montes son abandonados”, o que provoca consecuentemente a perda de poboación, postos de traballo e o éxodo da xuventude por falla de oportunidades. E, por tanto, necesario afrontar a necesidade, para os veciños, dunha mellora na capacidade de atracción do sector rural, mediante medidas transversais e específicas que aporten valor engadido as poboacións menos desenvoltas, e afectadas pola dispersión espacial.

*En Equipamentos.* Manifestan esta carencia como algo primordial para acadar a sostenibilidade: “(...) é unha necesidade para o sector agrario de cara a potenciar e poñer en valor a vida no rural”. Este problema ven a reflectir as carencias que dende os municipios teñen que afrontar pola baixa financiación, a dependencia doutras administracións, e a planificación dos fondos de compensación interterritorial. En conclusión faise necesario segundo o sector: “diagnosticar e establecer estratexias consensuadas con os axentes sociais (...) e planificar dende unha óptica territorial integral”.

*No sector primario.* Para o sector, a rendibilidade económica situase na causa principal a hora de acadar condicións de atracción das novas xeracións. A pesar desto

---

<sup>1</sup> O sector consciente que servizos básicos non forman parte do diagnóstico e dos eixes de actuación apuntaron este problema como unha carencia necesaria a cubrir polas institucións.

expresan a existencia de iniciativas innovadoras (de imaxes de marca de calidade de produtos, fundacións, cooperativas, etc) no territorio que tende a diminuír a carencia dunha política pública continuada e diferencial, que para eles: "(...) debe ser asumida dende distintas instancias do sector público".

*Nas Infraestruturas tradicionais e urbanas.* Apuntase a dicotomía entre o presente e o pasado, o vello e o novo, é dicir, a destrución de mecanismos de interrelacións tradicionais pola aposta dos modos de vida urbanos. De aí a reflexión do sector "(...) destrúense os camiños de pedra e as casas celtas" e a precariedade do sector agrario fai palpable "a perda de confianza como *modus vivendi*".

*En Participación asociativa.* A percepción do sector é negativa por: a) baixa participación dos xoves, b) carencia dunha sólida cultura organizativa, e c) a falla de tempo libre e de calidade de vida para afrontar os custes da participación asociativa. A pesar desto o sector require para poder diagnosticar os seus problemas "un estudo do asociacionismo na zona do GDR-20".

*En Medioambiente.* Detectan a falla dunha responsabilidade social corporativa e individualizada no territorio.

*Na Planificación interterritorial.* Esta temática foi desagregada en oito características, resumidas sucintamente na falta de criterios de eficacia, eficiencia, calidade e excelencia dende os sectores públicos e privados. De xeito que a supresión desta carencia veña a establecer: "(...) estratexias de desenvolvemento territorial e compensar as necesidades en emprego, vivenda, infraestruturas, formación e información das institucións coa sociedade".

*Nas axudas públicas.* A idea forza desprendida foi a pouca aposta que dende certos municipios se fai dos recursos humanos potenciais levando a unha "fuxida de cerebros" que non fan do territorio un valor engadido.

## CADRO RESUMO MESA Nº 6: DEBILIDADES, CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

<b>Debilidades, carencias, problemas e dificultades</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Abandono do patrimonio (castros, ríos, manantiais, montes, hórreos, petróglifos)</li> <li>• Estado de potabilización das augas</li> <li>• Mal estado de conservación das “pozas de rega” para regadíos</li> <li>• Desconexión do rural coas novas tecnoloxías</li> <li>• Escasea as infraestruturas locais para a potenciación dos interpretes de música tradicional</li> <li>• Destrucción de camiños de pedra e casas celtas</li> <li>• Falta dun estudio asociativo para a zona do GDR-20</li> <li>• Tecido asociativo xuvenil débil na zona do GDR-20</li> <li>• Vertidos incontrolados os ríos</li> <li>• Baixo control dos residuos nos ríos</li> <li>• Problemas medioambientais con empresas (cementeira, encoro de caldas)</li> <li>• Escasas axudas a persoas con dotes intelectuais, artísticas, etc.</li> <li>• Rendibilidade baixa das pequenas explotacións</li> <li>• Faltan mecanismos de comercialización directa para a mellora da calidade de vida</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Envellecemento da poboación</li> <li>• Aldeas e montes abandonados</li> <li>• Perda de poboación e postos de traballo</li> <li>• Éxodo da xuventude por falta de oportunidades para fixarse como poboación</li> <li>• Diminución da capacidade de atracción do sector rural</li> <li>• Concentración da poboación en zonas máis urbanas que rurales</li> <li>• Ausencia de eixes estratéxicos para o desenvolvemento municipal da zona</li> <li>• Carencias da oferta de vivenda, emprego e infraestruturas</li> <li>• Corrupción urbanística</li> <li>• Institucións públicas con persoal pouco cualificado para afrontar os problemas do territorio</li> <li>• Falta de transparencia das institucións</li> <li>• Falla dunha política de rehabilitación patrimonial integral co entorno</li> <li>• Institucións como hándicap para o desenvolvemento de iniciativas comunitarias</li> <li>• Imaxe da política como poder e non como mecanismo de solucións</li> <li>• Institucións públicas con medo a afrontar cambios de cultura organizacional basados en metodoloxías participativas</li> <li>• Clase política envellecida</li> </ul>

**6.2. FORTALEZAS INTERNAS**

As diferentes posicións abordadas dende o sector foron a confirmar a aposta polo cambio cultural, oferta turística, as infraestruturas, equipamentos, os recursos humanos e o patrimonio material e inmaterial do territorio. Así pois, as fortalezas detectadas foron sucintamente as seguintes:

- a) Ampla base de recursos endóxeos con potencial produtivo cunha fonda dispoñibilidade dun valioso patrimonio paisaxístico, patrimonial e inmaterial.
- b) Forte vinculación da base produtiva a factores endóxeos de calidade e territorialmente dispersos, favorecendo un relativo equilibrio na distribución territorial das actividades produtivas.
- c) Existencia dun conglomerado produtivo asentado no territorio, con experiencia e capacidade de atracción.
- d) Tradición emprendedora relativamente asentada na poboación.
- e) Estratos xoves de poboación cun capital potencial de ser explotado
- f) Existencia dunha posible imaxe territorial renovada e posicionada no entorno.

#### CADRO RESUMO MESA Nº 6: FORTALEZAS INTERNAS

<b>Fortalezas internas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tecido asociativo veciñal forte</li> <li>• Concienciación da cidadanía na xestión local</li> <li>• Fomento de iniciativas emprendedoras na poboación a través de cooperativas, programas europeos, imaxes de marca</li> <li>• Preocupación institucional por implicar a poboación no desenvolvemento local</li> <li>• Gran oferta turística polo patrimonio natural e material. Zonas termais. Existencia dun mercado potencial en torno a pesca fluvial</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Redes viarias de gran accesibilidade</li> <li>• Situación estratéxica no territorio</li> <li>• Equipamentos de calidade en zonas urbanas</li> <li>• Existencia de profesionais cualificados</li> <li>• Posta en valor dos recursos naturais e materiais do territorio mediante a súa recuperación e explotación (arquitectónicos, artísticos, naturais, muíños, mámoas, etc.)</li> </ul>

### 6.3. OPORTUNIDADES EXTERNAS

As oportunidades externas de cara a revalorizar o desenvolvemento rural ou local do ámbito-tema sectorial da mesa centrouse no sector agrario e os espazos infrautilizados para o que plantexaron a súa "(...) mellora, recuperación, coñecemento e posta en valor social e económico" como forma de facer fronte os problemas e carencias reseñadas. A este respecto as propostas planteadas foron cinco, e das cales podemos concluír:

- a) Existencia dun clima social e empresarial favorable para o crecemento económico e a xeración de emprego.
- b) Amplas posibilidades de mellora das capacidades directivas nas PEMES
- c) Existencia dun núcleo empresarial dinámico que, xunto o desenvolvemento dos servizos avanzados das empresas, poden funcionar como embrión de difusión de impulsos innovadores e de renovación estratéxica.
- d) Amplas posibilidades de mellora, renovación e diversificación dos sectores e complexos máis tradicionais, así como de potenciar a calidade e a exportación dos produtos.
- e) Proximidade xeográfica, cultural e produtiva nos diferentes municipios, que abre a oportunidade de consolidar un área de mercado comarcal ampla, con maior demanda e máis capacidade para sustentar novas iniciativas empresariais e para atraer novas inversións.

#### CADRO RESUMO MESA Nº 6: OPORTUNIDADES EXTERNAS

Oportunidades externas	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Introducir novas especies para coidalo monte</li> <li>• Posta en valor das marxes do río para atracción turística</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Iniciativas innovadoras como Terra Termarum</li> <li>• Plantexamento de proxectos etnográficos pola riqueza de restos arquitectónicos</li> <li>• Potenciación do turismo polo patrimonio natural e material</li> </ul>

#### 6.4. PROPOSTAS PARA O PDR

As propostas feitas no grupo de discusión<sup>2</sup> forense estruturando a partir das seguintes ideas:

- a) Ruta de senderismo no río Lérez.
- b) Ruta de senderismo integral (cabalar, a pé e a bicicleta) en Cerdedo.
- c) Aldea etnográfica de Loureiro.
- d) Plan de dinamización e formación do tecido asociativo na zona do GDR

<sup>2</sup> Neste apartado, so faremos mención as propostas feitas no grupo de discusión, e non as propostas remitidas e elaboradas por correo electrónico, que serán incluídas nas táboas adxuntas.

- e) GDR como organismo impulsor da participación do tecido asociativo.
- f) Introducción de novas especies para mellorar a maleza.
- g) Recuperación de oficios antigos.
- h) Participación nas mesas de muller e medioambiente para contribuír ó fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a mellora ambiental.
- i) Restauración das pozas de rega no territorio do GDR.
- j) Ampliación da rede de internet no rural e territorio do GDR.
- k) Recuperación de roteiros para senderismo no territorio do GDR.
- l) Revitalización dos ríos e as súas marxes (Ulla, Umia, Lérez).
- m) Recuperación do patrimonio material e inmaterial.

CADRO MESA Nº 6: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Dinamización e aumento da competitividade do sector agrario e forestal</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recuperación dunha zona do monte veciñal para sistema pastoril. Costiña da Águia. Cuntis</li> </ul>	

CADRO MESA Nº 6: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR--20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Mellora medioambiental e do contorno rural</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aproveitamento Integral dos Recursos do Monte de Cartas</li> <li>• Acondicionamento da Fonte de A Laxiña</li> <li>• Restauración do entorno da ferverza en Calobre</li> <li>• Restauración do lavadoiro da rúa Leicures e do seu entorno.</li> <li>• Posta en valor das diversas zonas de interese ecolóxico (lagoas e entornos fluviais) dos 10 concellos que conforman o GDR-20.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Renovación e restauración de antigas pozas de rega</li> <li>• Rexeneración do Castro celta de Calobre</li> <li>• Recuperación e ampliación da Carballeira de Vilar de Mato. –Cuntis.</li> <li>• Posta en valor dos restos megalíticos dos 10 concellos que conforman o GDR-20</li> </ul>

## CADRO MESA Nº 6: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Mellora da calidade de vida e diversificación da economía rural**

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Instalación dun decantador nas instalacións do manantial da traida de augas de Cuntis</li> <li>• Arranxo do lavadoiro de Porto de Gómez</li> <li>• Dotación de espazos de reunión asociativa e de actividades culturais no Concello da Estrada</li> <li>• Ruta de senderismo da Torre Fortaleza do Castro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Investimento e equipamentos dun Local parroquial en Portas</li> <li>• Restauración da Fonte da Riva</li> <li>• Plan de Articulación Social do GDR-20</li> <li>• Dotación de ferramentas de novas tecnoloxías ó Centro Social de Cardecide</li> <li>• Recuperación dos muíños do río castro para infraestrutura turística</li> </ul>
---	--

## CADRO MESA Nº 6: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Adquisición de capacidades, promoción do territorio rural e mellora da súa gobernanza**

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellora da sinalización da ruta de sendeirismo Circular de Cuntis</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recuperación e posta en valor dos antigos oficios artesáns</li> </ul>
---	--

## MESA Nº 7: SOCIAL-CULTURAL-DEPORTIVO-EDUCATIVO

### 7.1. DEBILIDADES CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

Entre os fins a conquistar no presente debate, ten unha especial relevancia o detectar cales son os principais problemas percibidos pola poboación no seu lugar de residencia habitual, determinado xeograficamente, polo tanto, polos caracteres de poboamento urbano-rural. Nesta cuestión tense en conta o tipo de competencias administrativas a hora de implementar solucións, procurando a obtención por parte das asociacións da súa valoración e gradación das problemáticas que afectan a súa calidade de vida e a do municipio no seu conxunto, e resaltando a necesidade da súa ubicación no ámbito de actuación da corporación local.

Neste punto as asociacións participantes no grupo de discusión viñeron a establecer como principais carencias, problemas ou dificultades no territorio do GDR, as seguintes temáticas:

*Relacións administración - asociacións.* No tocante a esta temática resaltan as carencias referidas a falta de transmisión comunicativa entre as administracións e as asociacións, seguidas en importancia, polo descoñecemento do impacto no territorio doutros programas europeos.

*Relacións entre asociacións.* Salienta a afirmación de "(...) falta de comunicación entre os integrantes do GDR e a xunta directiva cos asociados".

*O Desenvolvemento sostible.* Pola súa orde de relevancia, compre salientar a peculiaridade de atoparnos un alto grao de preocupación por valorizar o patrimonio cultural, dinamizar as zonas do rural, e dar a coñecer o seu patrimonio en relación co entorno natural e a mellora económica do territorio. En relación coas temáticas de planificación territorial, a perda de conciencia ecolóxica, a falta de axudas públicas eficaces e a formación de calidade.

*Sociodemografía.* Inciden no problema de despoboamento e envellecemento dos municipios por falla de oportunidades para fixar poboación.

*Dinámica asociativa.* Destacan as opinións relacionadas con servizos básicos e xerais, tales como: a) a baixa oferta de actividades e b) “o silenciamento político a asociacións cunha liña proactiva no territorio”. Neste senso son manifestas as barreiras o cambio cultural afirmándose “... a política (...) é un obstáculo as actuacións autónomas das asociacións”. E por outra banda a escasa concienciación do sector e administracións a hora de respectar e por en valor o patrimonio.

*Patrimonio material e inmaterial.* Ten como principal punto de reflexión do debate o coincidirse que, tanto a conservación dos recursos naturais (montes, ríos, fauna, flora) como a posta en valor do patrimonio na súa vertente inmaterial (historia, cancións, xogos, música), ten como corelato final “a desvalorización (...) e a degradación” por parte da poboación e as institucións.

## CADRO RESUMO MESA Nº 7: DEBILIDADES, CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

<b>Debilidades, carencias, problemas e dificultades</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falta de información dos traballos anteriores</li> <li>• Reflexión do coñecemento xerado doutros programas europeos</li> <li>• Falta de comunicación entre os integrantes do GDR e a Xunta Directiva cos asociados</li> <li>• Falta dunha política integral de valorización do patrimonio</li> <li>• Descoñecemento do patrimonio cultural</li> <li>• Moi baixa dinamización do rural</li> <li>• Falta de ligazón dos recursos naturais e os recursos do territorio</li> <li>• Falta de desenvolvemento rural</li> <li>• Ineficacia da xestión dos parques eólicos</li> <li>• Numerosos casos de aldeas abandonadas</li> <li>• Roteiros como o "Sarmiento" sen posta en valor</li> <li>• Falla da visión da recuperación do patrimonio como valor engadido</li> <li>• Ausencia de núcleos dinámicos no rural</li> <li>• Institucións públicas suplantadas por as asociacións na defensa do patrimonio cultural, material e inmaterial</li> <li>• Falta de axudas as actividades asociativas</li> <li>• Escasa oferta lúdico e de coidados paliativos para os maiores</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Despoboamento, envellecemento da poboación</li> <li>• Inexistencia de actividades de cultura</li> <li>• Silenciamento político a asociacións cunha liña proactiva no territorio</li> <li>• A política como obstáculo as actuacións autónomas das asociacións</li> <li>• Numerosos casos de aldraxe o patrimonio por axentes externos (eólicos, políticos- administración, etc.)</li> <li>• Falta de conservación dos recursos naturais e culturais (montes, ríos, mámoas, muíños)</li> <li>• Falla da posta en valor do patrimonio inmaterial (historia, cancións, xogos populares, música, etc)</li> <li>• Desvalorización do patrimonio inmaterial</li> <li>• Falta de comprensión e entendemento do entorno</li> <li>• Patrimonio material degradado e mal recuperado</li> <li>• Carencia dun estudio ambiental imparcial e en profundidade</li> <li>• Insesibilidade ante o medio natural</li> <li>• Falta de concretar actuacións formativas efectivas</li> <li>• Falta de consideración e respecto as persoas e formas de relacións tradicionais</li> <li>• Ausencia de políticas sociais para persoas en risco de exclusión social</li> </ul>

**7.2. FORTALEZAS INTERNAS**

As diferentes posicións abordadas dende o sector foron a confirmar a pontencialidade en: a) patrimonio natural e inmaterial b) a oferta turística polo forte patrimonio existente, c) a riqueza dun sector agrario en retroceso, d) os bos accesos e comunicacións do territorios e f) a aposta polo cambio económico e de mentalidades que aparece con determinadas asociacións e cooperativas operantes no territorio.

## CADRO RESUMO MESA Nº 7: FORTALEZAS INTERNAS

<b>Fortalezas internas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Marco natural único: a primeira balconada o mar, rodeados de ríos</li> <li>• Amplía oferta de recursos forestais</li> <li>• Fonda tradición arquitectónica, patrimonial en relación ao entorno natural</li> <li>• Riqueza artística e legado inmaterial dos maiores</li> <li>• Fondo patrimonio literario</li> <li>• Recuperación de festas tradicionais</li> <li>• GDR como foro e medio de participación das asociacións do territorio</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia dun fondo territorio rural</li> <li>• Forte tradición dos oficios tradicionais</li> <li>• Posta en valor do legado tradicional dos maiores</li> <li>• Zona de accesos e boas comunicacións co resto dos territorios</li> <li>• Valor dos modos de relación tradicional</li> <li>• Experiencias únicas como o CETMO, monte cabalar</li> </ul>

**7.3. OPORTUNIDADES EXTERNAS**

No presente debate, o coñecemento por parte das asociacións é un bo indicador das oportunidades que estes posúen como intermediarios coa cidadanía, e no mesmo senso, permite valorar dunha forma eficiente as relevancias dunhas sobre as outras, así como a labor de difusión e comunicación social que se desenvolven dende a xestión pública local e supralocal.

Neste senso, as asociacións centraron a súa atencións sobre o patrimonio material e inmaterial, o turismo rural, a calidade de vida para os maiores, o aumento das actividades asociativas, o medio ambiente e o desenvolvemento sostible.

## CADRO RESUMO MESA Nº 7: OPORTUNIDADES EXTERNAS

Oportunidades externas	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Patrimonio forestal propio (carballeiras, etc)</li> <li>• Coincidencias e complementariedades con outros concellos no patrimonio</li> <li>• Recuperación do patrimonio inmaterial (festas, lendas, legado literario, xogos no río) e material (legado arquitectónico)</li> <li>• Gastronomía local como atractivo turístico para todo o ano</li> <li>• Divulgación e coñecemento do territorio</li> <li>• Desenvolver o entorno rural acorde con principios medioambientais</li> <li>• Demanda de recursos naturais e da riqueza patrimonial</li> <li>• Ampliación das redes de comercialización directa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Procesos participativos que achegan a xestión pública ao asociacionismo</li> <li>• Vontade política de cooperar entre entidades e valorizar o territorio</li> <li>• Elevado potencial do turismo para poñer en valor os recursos agroforestais: feiras temáticas, rutas, gastronomía, agroindustria, etnografía</li> <li>• Existencia de financiación europea para emprender proxectos (2007-2013) e apoio das administracións para o I+D+i</li> <li>• Auxe da conciencia sobre a riqueza endóxena do territorio</li> <li>• Desenvolvemento e auxe de políticas sociais para colectivos en risco de exclusión social</li> </ul>

#### 7.4. PROPOSTAS PARA O PDR

As propostas feitas no grupo de discusión forense estruturando a partir das seguintes ideas:

- a) Recuperación dos montes mediante un análises multifuncional e intersectorial dende o GDR.
- b) Recuperación de roteiros como medida de por en valor o territorio e a cultura tradicional.
- c) Recuperación das “tomadas” (fincas dentro dos montes) para o uso do pastoreo e protexer o cerre de camiños e montes.
- d) Articulación do GDR a través dos montes e dos ríos dado o seu fondo valor produtivo, territorial e paisaxístico.
- e) Recuperación de muíños.
- f) Estudos de mercado para diagnosticar cales serían os áreas de rendibilidade prioritaria do territorio.
- g) Recuperación do Monte Xesteira como forma de coñecemento da memoria histórica.
- h) Creación dun centro de interpretación cultural.

- i) Formación de voluntarios culturais con os veciños do entorno.
- j) Apostar pola homologación de roteiros.

**CADRO MESA Nº 7: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'**

<b>Dinamización e aumento da competitividade do sector agrario e forestal</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomento da cría e control do cabalo do monte</li> <li>• Recuperación de cultivos tradicionais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Plan de recuperación e promoción da castaña</li> <li>• Creación de viveiros de especies para recuperación do monte</li> <li>• Proxecto de aproveitamento da biomasa</li> </ul>

**CADRO MESA Nº 7: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR--20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'**

<b>Mellora medioambiental e do contorno rural</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recuperación e posta en funcionamento de rutas e excavacions arquolóxicas de Moraña</li> <li>• Acondicionamento da Ruta dos Muiños da Fervenza en Ouzande, A Estrada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Torre de Guimarei e o seu entorno</li> <li>• Arranxo de Muiños no río Caradavella</li> <li>• Centro de interpretación medioambiental</li> <li>• Posta en valor de recursos arqueolóxicos paisaxística e medioambientais do Monte Xiabre</li> </ul>

## CADRO MESA Nº 7: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Mellora da calidade de vida e diversificación da economía rural</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación dun museo de ámbito supralocal para a recollida e posta en valor de material etnográfico</li> <li>• Coñecemento, recuperación e posta en valor do patrimonio rural</li> <li>• Centro de interpretación do patrimonio cultural de Moraña (Santa Xusta)</li> <li>• Adquisición de novas tecnoloxías en Valga</li> <li>• Melloras no Centro Etnográfico de Terra de Montes (CETMO)</li> <li>• Local social de Cuntis</li> <li>• Axudas ao transporte en Cuntis</li> <li>• Centro de xestión e recuperación do patrimonio</li> <li>• Recuperación de camiños e calzadas tradicionais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Encontro coa música no rural en Valga</li> <li>• Museo da Memoria Histórica Estradense</li> <li>• Inventario do patrimonio no ámbito do GDR</li> <li>• Proxecto integrado « Roteiro Sarmento-Montaña Máxica »</li> <li>• Mancomunidade de Sociedades e Asociacións Deportivas na promoción e organización de actividades deportivas</li> </ul>

## CADRO MESA Nº 7: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Adquisición de capacidades, promoción do territorio rural e mellora da súa gobernanza</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grabación de música tradicional</li> <li>• Festival múscio-cultural</li> <li>• Xornada de formación pedagóxico instrumental, musical e cultural</li> <li>• Promoción de xogos tradicionais no GDR</li> <li>• Recuperación da toponimia e microtoponimia</li> <li>• Recuperación e recreación de mallas, segas, proceso de recollida do millo...</li> <li>• Seminarios de Informática Aplicada ás realidades sectoriais do contorno</li> <li>• Seminarios de Dinamización en Novas Tecnoloxías</li> <li>• Alfabetización Informática</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Viaxe polas letras</li> <li>• O Románico estradense</li> <li>• Obradoiros para a recuperación de oficios hoxe xa esquecidos.</li> <li>• Divulgación da cultura castrexa</li> <li>• Proxecto Commerci@</li> <li>• Proxecto FormaLeader</li> <li>• Taller de recuperación da cultura tradicional Recuperación dos xogos populares</li> <li>• Recuperación do oficio de construción de cabeceiros circulares en madeira</li> </ul>

## MESA Nº 8: EMPRESA, COMERCIO, ARTESÁNS

### 8.1. DEBILIDADES CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

Os aspectos máis débiles se centran na área social e de recursos humanos. Respecto deste ámbito destacan as carencias detectadas na falta de formación e valores na xuventude; falta de formación e información orientada ao desenvolvemento socioeconómico da zona. Tamén se detecta unha inadecuación entre as ofertas e as demandas laborais; nesta zona, por exemplo, está situada unha das empresas punteiras na fabricación de perfilaría de aluminio e resulta que na escola profesional: “Hai un ciclo superior de estruturas metálicas que ten so 5 matriculados”.

Ademais, se observa unha falta de valores asociados á formación non específica, que dificulta a adaptación das persoas aos cambios productivos. Se houbera un concepto do traballo menos instrumental, máis ligados aos valores da tarefa ben feita e do esforzo, esta circunstancia non se daría.

Valores tales como a disciplina e a cooperación, que son percibidos como básicos para a evolución social e para o progreso económico, están infradesenvolvidos: quizás o medo, a falta de confianza nas propias forzas, o déficits de líderes, e a falta de compromiso en xeral desencadea (ou é a orixe), dese individualismo ao cal se lle achacan todos os males: “Estamos esperando haber que fai o veciño do lado: somos recios a experimentar”

O descenso da poboación e sobre todo o éxodo da xente nova representa unha seria ameaza para estes contornos. A atracción que exerce o eixo Coruña-Porto detrae recursos humanos da zona e cortocircuita as posibilidades de creación de riqueza na mesma: “Os xovenes deixan o campo, incluso indo a ganar menos na cidade”.

Unha seria debilidade, é a grave falta de visión empresarial das explotacións, tanto as agrogandeiras como as forestais. Representa unha realidade incontestable para o colectivo presente nesta mesa a escasa planificación e innovación nos procesos productivos agrogandeiros; así como a abundancia de prácticas ineficientes que afecta en xeral aos contornos rurais galegos. Ninguén innova porque ninguén quere quedarse.

En canto o aspecto estrictamente económico e de tecido empresarial ponse de releve a escaseza de solo industrial, sobre todo en Cuntis e Forcarei. O énfase posto nestas circunstancias convértese no elemento argumental central que a os define como “zonas deprimidas”.

Outro dos problemas detectados é a dobre estrutura dos ingresos: os que se perciben polo traballo por conta allea como asalariados son complementados coa produción de bens agropecuarios de produción propia para, principalmente, o autoconsumo.

Tamén menciona que existen intereses das grandes multinacionais que non son de interese para o agro galego. Estas empresas teñen incidido de xeito pernicioso na creación, p.e, dun parque de maquinaria agrícola infrautilizado, mal dimensionado e moi custoso.

A xente considera que se teñen abandonado as explotacións agropecuarias por falta de rendibilidade e consideran que o factor que máis ten incidido nela é o déficit de estratexias comerciais axeitadas e suficientemente desenvoltas. En xeral cando hai boas oportunidades estas non se aproveitan.

Polo que respecta ao comercio da zona considerase que “o peche do pequeno comercio é imparable”.

Todo o dito xunguido ao precario desenvolvemento das liñas telefónicas para o uso das TICs no rural e á sentida e expresada “falta de capacidade para implantar e darlle viabilidade ós proxectos”, determinan unha atmosfera de certo derrotismo e desilusión mesturado cun sentimento de inevitabilidade.

Dende o punto de vista político ou legal parece que a principal ameza procede da propia Administración Pública: os freos burocráticos, o exceso de papeleo, a desatención en particular das infraestruturas precisas para o desenvolvemento local, xunto coa percepción da falta de sensibilidade en xeral por parte da Administración Pública, xeran unha situación na que o común denominador é o descrédito da clase política do país e un excepticismo cara as iniciativas que esta pon en marcha.

Dende o punto de vista da tecnoloxía se considera unha ameaza o feito de que os recursos e as subvencións para I+D se malgasten nas universidades en investigacións que moitas veces non dan resultado. Ademais, consideran que a tecnoloxía por se mesma non aporta nada, ten que ir acompañada de coñecementos e ten que estar orientada cara a busca da rendibilidade (hai que adaptalas ás necesidades de cada un).

## CADRO RESUMO MESA Nº 8: DEBILIDADES, CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

<b>Debilidades, carencias, problemas e dificultades</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falta de formación (específica e en valores) nos mozos orientada ao tecido socioeconómico da zona.</li> <li>• Inadecuación entre ofertas e demandas laborais.</li> <li>• Escasa planificación e capacidade de innovación, dos procesos productivos agrogandeiros.</li> <li>• Descenso da poboación e sobre todo éxodo da xente nova.</li> <li>• Escaseza de solo industrial (Cuntis e Forcarei)</li> <li>• Dobre estrutura dos ingresos.</li> <li>• Falta de estratexias comerciais no agro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia dun parque de maquinaria agrícola sobredimensionado e infrautilizado.</li> <li>• Falta capacidade para aproveitar as ocasións cando estas se presentan.</li> <li>• Precarias infraestructuras para o desenvolvemento das TICs no rural.</li> <li>• Trabas burocráticas frean os procesos de dinamización socioeconómica da zona.</li> <li>• Falta orientación dos recursos de I+D para o desenvolvemento do rural.</li> <li>• Falta de estratexias cooperativas.</li> <li>• Falta de recursos de I+D en proxectos no rural.</li> </ul>

## 8.2. FORTALEZAS INTERNAS

Existe un consenso xeneralizado por parte dos integrantes da mesa sobre o valor do patrimonio natural e cultural desta comarca e sobre a necesidade, incluso a urxencia, de poñelo en valor. Hai concellos, que son especialmente atractivos porque xunguidos aos valores paisaxísticos posúen outros relacionados coa saúde e a calidade de vida, como é o caso da vila balnearia de Cuntis.

A potencialidade da zona para o cultivo da vide e a elaboración do viño vese inxerida na tradicional existencia de adegas na zona. Neste senso o saber facer, a idoneidade das terras, e un mercado ávido de produtos de calidade, representan boas oportunidades para deseñar unha estratexia comercial distintiva para o viño desta zona.

De sempre a riqueza forestal e madeireira desta comarca ten sido un acicate económico de primeira orde que ten convertido, sobre todo, ao concello de A Estrada, nun referente na industria do moble en Galicia e a nivel do Estado español. Esta circunstancia podería incrementarse e aumentar o seu valor engadido si se potenciara o tradicional oficio dos artesáns da madeira.

Por outra banda, a existencia de empresas de éxito, como por exemplo a de perfíles de aluminio en Valga, permite observar como os modelos de creación de riqueza e de emprego precisan unha axeitada planificación, xestión e avaliación dos procesos nos que incorren.

A existencia de empresarios innovadores na zona, xunto coa súa veteranía e disposición preséntase como unha oportunidade para o territorio. O seu *know how* posto a disposición de proxectos de desenvolvemento local pode ser un elemento dinamizador e vertebrador que a zona está en disposición de aproveitar.

#### CADRO RESUMO MESA Nº 8: FORTALEZAS INTERNAS

<b>Fortalezas internas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Zona non contaminada e con moita riqueza natural e cultural.</li> <li>• Hai concellos especialmente atractivos (Cuntis-Caldas), cara o turismo de saúde e benestar.</li> <li>• Hai adegas con tradición na zona.</li> <li>• Danse modelos industriais de éxito na zona.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Hai disposición por parte dos axentes locais a colaborar entre eles, e a intercambiar as súas experiencias.</li> <li>• Existe unha grande tradición de artesán da madeira.</li> </ul>

### 8.3. OPORTUNIDADES EXTERNAS

A xente sabe do valor do seu territorio, as veces -máis que polo seu valor intrínseco- polo aprecio que lle dan outros. Neste senso, a xente desta comarca sabe que os habitantes do mundo urbano demandan espazos naturais, produtos agroalimentarios de calidade e outro tipo de relacións persoais; en definitiva outro tempo e outra maneira de enchelo. A proximidade das vilas e grandes cidades permite contemplar estes recursos como aspectos positivos que poden dinamizar a zona.

Así pois, habería que adoptar estratexias diferentes das despregadas ata o momento no ámbito do turismo rural, sobre todo orientadas ao desenvolvemento do agroturismo, máis en liña co que se fai en Europa.

#### CADRO RESUMO MESA Nº 1: OPORTUNIDADES EXTERNAS

Oportunidades externas	
<ul style="list-style-type: none"> <li>A proximidade da zona do GDR-20 a grandes centros urbanos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pódese producir alimentos de calidade para un mercado urbano próximo.</li> </ul>

### 8.4. PROPOSTAS

As propostas ou, mais que elas, as liñas de actuación que os colectivos presentes nesta mesa identifican manteñen unha coherencia bastante estricta co diagnóstico realizado polos mesmos.

Respecto do medio físico faise preciso identificar e catalogar os recursos que a nivel patrimonial e medioambiental existen cara a súa adecuada posta en valor. Parece que esa valorización pasa por incorporalos aos procesos productivos da zona de diferentes maneiras, incluíndo nelas a posibilidade da elaboración dunha marca distintiva para este GDR. A forma de darlle operatividade a esta proceso pasaría tamén por crear puntos de encontro e sistemas de cooperación tanto intra como extraterritorial.

Nalgúns lugares, onde non está realizada a parcelaria, se considera que se debería facer tendo en conta as particularidades da zona. Esta medida se presenta como moi necesaria si se quere desenvolver, por exemplo, unha actividade relacionada co cultivo da viña e a elaboración do viño, competitiva e distintiva.

Respecto do ámbito dos recursos humanos fan falta directrices que poidan motivar á xente nova para que inclúa nos seus plans de vida a opción dunha actividade sociolaboral que se desenvolva nos contornos rurais. Dentro deste mesmo ámbito fan saber que é preciso un programa formativo adecuado que aporte coñecementos axeitados para liderar e implantar proxectos no agro, tanto productivos como non productivos.

No que se refire ao desenvolvemento estritamente económico, as actividades orientadas á xeración de enerxía sobre a base dos recursos do territorio: biomasa, paneis fotovoltaicos -aparte dos aeroxeneradores-; representan un marco de oportunidades para novas liñas de dinamización económica.

Promover as infraestruturas no rural adaptadas aos seus requirimentos e sen estragar o valor do contorno parece un medio importante para que se faga firme esa aposta polo mundo rural. A forma de potenciar os produtos locais, para os compoñentes desta mesa, podería vir da man da creación dunha rede comercial potente que inclúa aos produtos da zona dentro dun *marchamo* de calidade, dentro dunha marca propia.

É evidente, a potencialidade que posúen as zonas máis fértiles do GDR-20 de converterse en referentes para a produción agrícola sostible –ecolóxica ou tradicional-. Neste senso, as propostas xerais se enmarcan na necesidade de ter asesoramento integral respecto a posta en marcha de proxectos orientados cara a produción agrícola sostible e con futuro.

Para lograr un desenvolvemento económico harmónico se formulan liñas de acción orientadas cara a organización do territorio coa creación de espazos delimitados e con servizos para o desenvolvemento da actividade da pequena e media empresa. O chan industrial debería de estar orientado de xeito prioritario cara a instalación de industrias de transformación agropecuaria ou de apoio ás mesmas actividades.

Outras liñas de actuación fan fincapé en racionalizar os usos da terra e as súas labores productivas, é dicir, promover accións orientadas a definir unha estratexia racional dos recursos existentes respecto dos insumos necesarios para sacarlle o máximo partido. Estratexia que ten que contemplar, como se leva dito, varias facianas: a económica, a medioambiental e a social.

#### CADRO MESA Nº 8: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Dinamización e aumento do sector agrario e forestal</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aproveitar a uva híbrida que hai nas viñas para destilar, mentres se reconverten cara a castes autóctonas.</li> <li>• Recuperar variedades hortofrutícolas locais.</li> <li>• Crear unha rede de distribución local cara os núcleos urbanos.</li> <li>• Reparto dos produtos locais a domicilio ou en lugares "especializados".</li> <li>• Crear unha asociación de viticultores da ribeira de Arousa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Crear unha marca propia do produto da zona.</li> <li>• Desenvolver unha estratexia potente de comercialización da produción local.</li> <li>• Concibir un espacio común para o cultivo do viñado autóctono.</li> <li>• A posta en valor do produto local e a súa competitividade ten que ir asociado a unha calidade "medible" do produto.</li> <li>• Facer a parcelaira onde aínda non estea implantada.</li> </ul>

#### CADRO MESA Nº 8: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR--20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Mellora medioambiental e do contorno rural</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Divulgar e promover as boas prácticas asociadas aos procesos productivos do agro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Poñer en valor o contorno fluvial da zona, crear e manter os sendeiros na súa beira.</li> </ul>

#### CADRO MESA Nº 8: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Mellora da calidade de vida e diversificación da economía rural</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Potenciar aos artesáns da madeira: o oficio e a súa relación cos recursos locais.</li> <li>• Organizar espazos delimitados e con servizos adaptados ao desenvolvemento da pequena e mediana empresa.</li> <li>• Inventariar e rexistrar o patrimonio histórico e medioambiental.</li> <li>• Integrar as actividades turísticas no medioambiente local.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Potenciar a creación de industrias de transformación do produto hortofrutícola</li> <li>• Plans de formación axeitados a proxectos cun horizonte de futuro.</li> <li>• Crear lugares de encontro e intercambio entre xentes experimentadas e con éxito nas súas labores productivas e xente nova que queira emprender iniciativas no rural.</li> </ul>

CADRO MESA Nº 8: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Adquisición de capacidades, promoción do territorio rural e mellora da súa gobernanza**

<ul style="list-style-type: none"><li>• Crear asociacións sectoriais que defendan e fagan presentes as iniciativas socioeconómicas no contorno do GDR-20.</li><li>• Creación dunha asociación de produtores en ecolóxico a nivel local ou en relación con outros GDRs.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Utilizar os medios de comunicación para sensibilizar á poboación urbana sobre a realidade do mundo rural e do valor como produtor de bens esenciais para toda a poboación.</li></ul>
--	--

**MESA Nº 9: MEDIO AMBIENTE, CAZA E PESCA****9.1. DEBILIDADES CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES**

As debilidades e carencias identificadas pola mesa sectorial de Medio Ambiente, Caza e Pesca son numerosas e pódense organizar en 4 grandes temáticas:

- (1) En primeiro lugar, destacan aqueles aspectos relacionados coa xestión dos montes. Resaltan a ausencia dun programa de xestión medioambientalmente sostible a medio e longo prazo, aspecto altamente acusado no territorio que abarca o GDR-20 debido a que éste inclúe a parte máis montañosa das provincias de Pontevedra e Ourense. Este déficit ven acentuado por outras dificultades como é a alta complexidade na clasificación (reservas de caza, refuxios de fauna, terreos cinexéticamente ordenados, terreos cinexético-deportivos, explotacións cinexéticas) e titularidade dos terreos dos montes (pública, societaria ou particular) e a ausencia dunha vontade política de coordinación entre as diferentes institucións públicas locais, comarcais, provincias, etc.
- (2) En segundo lugar, caben sinalar aqueles aspectos relacionados coa xestión dos residuos e a disponibilidade de infraestructuras que a faciliten. Neste punto, resáltase o deficiente funcionamento das depuradoras, e os vertidos de augas residuais sen dudar nos ríos Ulla e Umia. Destaca tamén as continuas agresións que padecen estes dous ríos debido os vertidos industrias, así como tamén a inexistencia dun plan común de xestión de residuos para os diferentes concellos.
- (3) En terceiro lugar, cabe falar das deficiencias relacionadas coa falta de coidado do entorno natural e protección da fauna: o deficiente mantemento das ribeiras dos ríos, a falta de sinalización dos mesmos, o escaso mantemento dos espazos incluídos na rede natura, e das zonas recreativas.
- (4) En cuarto lugar, destacan aquelas carencias relacionadas coa deficiente concienciación e sensibilización cidadana con respecto ó coidado do medio ambiente, así como a falta de formación medioambiental en actores clave como

son pescadores, cazadores ou mesmo agricultores da comarca. Identifícase como problema o desánimo provocado pola falta de respostas e de iniciativas xudiciais nas denuncias realizadas por parte das entidades.

#### CADRO RESUMO MESA Nº 9: DEBILIDADES, CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

<b>Debilidades, carencias, problemas e dificultades</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ausencia dun programa medioambientalmente sostible de explotación do monte.</li> <li>• Alta complexidade na clasificación e titularidade dos terreos dos montes.</li> <li>• Decadencia caza menor.</li> <li>• Necesidade de definir unha estratexia de xestión común dos residuos de tódolos concellos das comarcas.</li> <li>• Vertido de augas residuais sen depurar.</li> <li>• Non funcionamento das depuradoras.</li> <li>• Vertidos incontrolados de residuos industriais nos ríos Umia e Ulla.</li> <li>• Falta de sinalización dos ríos.</li> <li>• Ausencia de mantemento das ribeiras dos ríos por parte das institucións públicas e propietarios privados.</li> <li>• Deficiente coidado do entorno natural</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xestión e mantemento deficiente dos espazos incluídos na rede Natura.</li> <li>• Falta de coordinación entre as diferentes asociacións ecoloxistas, de caza e pesca.</li> <li>• Falta de colaboración e coordinación entre os diferentes concellos e institucións públicas para xestionar os diferentes temas que afectan o medio ambiente.</li> <li>• Falta dunha continuidade na política medioambiental: ausencia dunha xestión a longo prazo.</li> <li>• Non cumprimento da lexislación</li> <li>• Deficiente concienciación e sensibilización cidadana con respecto ó coidado do medio ambiente.</li> <li>• Déficit de formación en cazadores, pescadores e outros "usuarios" do medio natural.</li> </ul>

## 9.2. FORTALEZAS INTERNAS

As fortalezas internas segundo a mesa sectorial de Medio Ambiente, Caza e Pesca fan referencia ás seguintes temáticas:

- (1) En primeiro lugar, destaca a riqueza dos ríos, non soamente pola súa potencialidade termal senon tamén paixística e hidroeléctrica. O desenvolvemento sostible contempla, por parte das asociacións, a vixilancia dos vertidos ás concas fluviais como primeira condición para considera-la auga como un posible recurso para a explotación turística.

- (2) En segundo lugar, destaca a riqueza dos espazos naturais e patrimoniais da zona. As distintas entidades resaltan a necesidade de planificar a xestión dos montes e definir os seus diferentes usos turísticos, lúdicos, deportivos, agrícolas e industriais.
- (3) Finalmente destacan as fortalezas vencelladas á existencia de asociacións e colectivos cunha forte implicación na preservación medioambiental da territorio. Mostra delo son as diversas iniciativas levadas a acabo para a limpeza de zonas recreativas e recuperación das ribeiras dos ríos.

#### CADRO RESUMO MESA Nº 9: FORTALEZAS INTERNAS

<b>Fortalezas internas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Riqueza dos espazos naturais e patrimoniais da zona.</li> <li>• Potencialidade dos cauces fluviais: termal e hidroeléctrica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Potencialidade dos cauces fluviais: lúdica e paixasística.</li> <li>• Existencia de asociacións medioambientais con alto nivel de implicación.</li> </ul>

### 9.3. OPORTUNIDADES EXTERNAS

Como oportunidades externas que poden favorecer o desenvolvemento rural destacan:

- (1) En primeiro lugar, a existencia dunha maior (aínda que insuficiente) sensibilización polo medio ambiente, e unha maior predisposición a incluír este tema nas axendas políticas autonómicas e estatais, e nos programas escolares.
- (2) En segundo lugar, a existencia dun alto nivel de lexislación amparado polas instancias europeas.

#### CADRO RESUMO MESA Nº 9: OPORTUNIDADES EXTERNAS

<b>Oportunidades externas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia dunha maior sensibilización con respecto ós temas medioambientais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alto nivel de lexislación en temas medioambientais.</li> </ul>

#### 9.4. PROPOSTAS PARA O PDR

As propostas da mesa sectorial de Medio Ambiente, Caza e Pesca para o Programa de Desenvolvemento Rural do GDR- 20 'Ulla-Umia-Lérez' estruturáanse ó redor de dous eixos:

- (1) O primeiro deles, fa referencia á medida 4.1.2. "Mellora ambiental e do contorno rural". As propostas formuladas son tres:
  - a. A creación dunha exposición itinerante que potencie o uso social, educativo e recreativo do medio natural, e promova a súa explotación medioambientalmente sostible. Esta exposición, entendida como unha unidade didáctica que faga uso de diversos soportes tecnolóxicos, trata de ofrecer unha visión global e integral dos diversos usos e usuarios dos espazos naturais (visitantes, veciños, pescadores, cazadores, gardas forestais, etc.), fomentando así o seu desenvolvemento sostible e o seu maior coñecemento e difusión dentro e fora do territorio.
  - b. A creación dunhas xornadas sobre xestión cinexética e medioambiental
  - c. Proxecto de restauración de ámbitos forestais de alto valor natural e recuperación da biodiversidade: recuperación de especies animais e vexetais autóctonas da comarca e en perigo de extinción. Inclúe as instalacións para a súa cría ou cultivo así como todo o necesario para conseguir a súa reintroducción e conservación no medio.
  
- (2) O segundo deles fa referencia á medida 4.1.3. "Mellora da calidade de vida e diversificación da economía rural": A proposta formulada concrétase na recuperación dos espazos recreativos incluídos en zonas Natura 2000 e ou outras zonas de alto valor natural.

## CADRO MESA Nº 9: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Mellora medioambiental e do contorno rural**

- |  |  |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Recuperación de áreas recreativas incluídas nos espazos da Rede Natura 2000 e ou outras zonas de alto valor natural.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Proxecto de restauración de ámbitos forestais de alto valor natural e recuperación da biodiversidade: recuperación de especies animais e vexetais autóctonas da comarca e en perigo de extinción. Inclúe as instalacións para a súa cría ou cultivo así como todo o necesario para conseguir a súa reintroducción e conservación no medio.</li> </ul> |
|--|--|

## CADRO MESA Nº 9: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR--20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Adquisición de capacidades e promoción do territorio**

- |   |  |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Creación dunha exposición itinerante que potencie o uso social, educativo e recreativo do medio natural, e promova a súa explotación medioambiental sostible.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Creación dunhas xornadas sobre xestión cinexética e medioambiental</li> </ul> |
|---|--|

## MESA Nº 10: INSTITUCIONAL

### 10.1. DEBILIDADES CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

Entre os fins a conquistar no presente debate, ten unha especial relevancia o detectar cales son os principais problemas percibidos polos representantes locais no seu concello, determinados en boa medida polos caracteres xeográficos do poboamento urbano - rural. Nesta cuestión tense en conta o tipo de competencias administrativas a hora de implementar solucións, procurando a obtención por parte dos representantes políticos locais da súa valoración e gradación das problemáticas que afectan a calidade de vida do municipio no seu conxunto, e resaltando a necesidade da súa ubicación no ámbito de actuación do GDR-20 "Ulla- Umia-Lérez".

Neste punto os alcaldes/as e concelleiros/as participantes na reunión de grupo viñeron a establecer como principais carencias, problemas ou dificultades no territorio do GDR, as seguintes temáticas:

- *A sociodemografía.* Os discursos inciden nos problemas do despoboamento, sobre envellecemento dos municipios, a dispersidade poboacional e a difuminación do rural e o urbano. Neste senso destacan manifestacións do tipo de: "(...) o envellecemento da poboación inflúe a hora de presentar proxectos (...); "a xente maior está máis aloxanda dos núcleos e ten dificultades para acceder os servizos locais", "...unha de cada catro persoas ten máis de 65 anos". Neste senso, nos orzamentos dos concellos inflúe a evolución da poboación, e isto ten unha forte presión nos saldos vexetativos negativos, debido a progresión da taxa de mortalidade nos concellos rurais, xa que a poboación está sobre envellecida. Ademais, condiciona negativamente a oferta de servizos básicos para a poboación (servizos educativos, sanitarios, sociais, asistenciais, culturais, etc.), pois non hai suficiente demografía para asegurar a viabilidade socioeconómica deses servizos.

- *A xestión municipal.* Afronta un escenario reactivo en canto o deseño, implementación e avaliación das políticas municipais; segundo os discursos dos representantes institucionais, as razóns, entre outras, débense: a) o localismo que impide plantexar unha entidade de servizos supramunicipais; e b) o freo as

innovacións pola ausencia de recursos económicos e humanos, derivados do problema demográfico. A pesar de todo, o municipalismo é defendido polos alcaldes e redunda nun pesimismo xeral a hora da xestión dos asuntos locais:

- *Individualismo localista*: “Eu teño que mirar para o meu concello e non para o limítrofe”.
- *Falta de planificación local*: “(...) non e rural nin urbano nen mariñeiro ten as tres cousas pero non ten nada concreto”.
- *Proxectos inacabados*: “Tense feito un estudio do concello pero non se puido poñer en práctica (...)”
- *Pesimismo e resignación*: “Non podemos facer nada . Dificultades todas (...) Hai más carencias que fortalezas”
- *Escaseza do orzamento local*: “O presuposto non é nada, o tema da financiamento e un prexuízo (...) os máis activos se levarán máis que os menos, ou os mais pequenos (...). a aportación de cartos para un proxecto dos concellos e difícil e o que facemos e mantemento de servizos e pouco máis (...). Non hai presuposto para facer cousas, empezase pero non se da acabado...non se da feito, agostásenos o capital”.
- *Debilidade e incapacidade para promover proxectos productivos*: “En canto a outras actuacións cada concello presentou no anterior Leader un museo, unha praia fluvial, de cara a actividades non productivas para concellos, esto presentouse noutras liñas de actuación e eu entendo que esto non vai ser así agora e dirixido mais a particulares e a xente que teña ganas de facer unha actividade productiva. Penso que debe ser así (...) non temos para cambiar as portas, as bombillas, e non podemos presentar proxectos, co alquiler do concello sobranos (...) en base a proxectos faise propostas pero non nos fan caso”.
- *Escaseza de servizos públicos*: “Non podemos facer concesións (...) prestacións para os servizos que non pode facer a administración local (...) o técnico non da feito e so ven un día a semana”.
- *Falla de recursos humanos cualificados*: “Problemática que para conseguir algo hai que ter persoal técnico (...) porque se un esta de baixa non hai forma de substituílo, e as vacacións quedamos sen persoal (...). Están dando prazos, e administración e lenta, pero os concellos danlle prazos curtos e esto e o problema, non podemos coller vacacións nunca (...), hai unha baixa e o concello queda sen persoal e mal atendida a xente (...), hai que empregar mais

funcionarios para atender mellor pero a recadación e nada, e non se pode empregar a mais persoal se non hai cartos”.

- *A cultura empresarial, non é participativa e dinamizadora.* A diagnose centrase na falla de tecido empresarial polas características sociodemográficas, onde aumenta progresivamente a cohorte de xubilados/as, mentres diminúe a incorporación de activos emprendedores “. “(...) a xente envellecida non ten esta cultura nen hai outras xentes que renoven (...), falta tecido industrial, cultura empresarial e emprendedora”. Polo que os concellos rurais afrontan paulatinamente a perda de poboación e falla de atracción de novos residentes: “se nos va a xente”. E isto ten a súa manifestación na falla de renovación de moitas comunidades de montes e asociacións, na falla de asociacións profesionais e económicas, e na ausencia de redes de unión entre a vida socioeconómica e a xestión local.

- *As infraestruturas viarias e as TIC.* Atópanse casos de infraestruturas en mal estado, falta das mesas, así como nos equipamentos e as comunicacións colectivas: “Infraestruturas, estamos moi pretos de todos os sitios pero debe haber unha mellora das vías de comunicación, de conexión coa autovía, (...) deberíamos ter bos servizos igual que Pontevedra e Vilagarcia, (...) porque o transporte da mercadoría ao porto costalle moito as empresas, polas comunicacións.” Ademais, destacan as carencias na implantación das TIC, que perciben como unha barreira para o desenvolvemento do tecido económico: “que empresa vai instalarse en Cerdedo, porque non vai ter Adsl...”.

- *Comunicación institucións – tecido asociativo.* No tocante a esta temática resaltan as carencias referidas a falta de transmisión comunicativa entre as administracións e as asociacións, seguidas en importancia, polo descoñecemento do impacto no territorio doutros programas europeos.

- *Patrimonio natural e cultural.* Por último destacar a falta dun turismo estruturado, e o desaproveitamento do entorno natural, arquitectónico e inmaterial dos concellos. “Sector turístico desestruturado, non hai axentes dinamizadores (...) recuperar roteiros de senderismo, carballeiras, ríos, patrimonio arquitectónico”

## CADRO RESUMO MESA Nº 10: DEBILIDADES, CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

<b>Debilidades, carencias, problemas e dificultades</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mal estado das escolas unitarias</li> <li>• Falta de bandas de música</li> <li>• Ausencia de autopistas e boas comunicacións</li> <li>• Pequenos polígonos industriais e un por concello</li> <li>• Falta de prestación de servizos públicos</li> <li>• Carencias en canto alcantarillado, centro de día, garderías, etc.</li> <li>• Poboación moi envellecida</li> <li>• Pouca mobilidade territorial</li> <li>• Falta de espazos</li> <li>• Extensión moi grande dos concellos</li> <li>• Dispersidade da poboación</li> <li>• Escaseza de recursos humanos e económicos</li> <li>• Falla da cultura empresarial: poucos xóvenes emprendedores polo sobre envellecemento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alta taxa de mortalidade: perda de poboación</li> <li>• Individualismo na xestión local</li> <li>• Falta dunha política de cooperación interterritorial nos concellos</li> <li>• Estudos carentes de uso e posta en práctica</li> <li>• Orzamentos pequenos</li> <li>• Proxectos do anterior Leader non souperon por en valor todo o territorio</li> <li>• Prazos administrativos moi curtos para plantexar proxectos</li> <li>• Escasa dinamización social</li> <li>• Asociacións pouco renovadas</li> <li>• Recursos naturais e inmateriais desaproveitados</li> <li>• Patrimonio histórico-arquitectónico en mal estado de conservación</li> </ul>

**10.2. FORTALEZAS INTERNAS**

As diferentes posicións abordadas dende o sector institucional foron a identificar potencialidades en: a) o rico patrimonio natural; b) o turismo polo forte patrimonio, material e inmaterial, existente; c) a riqueza dun sector agrario, aínda que en retroceso; d) os aceptables accesos e comunicacións do territorio; e f) a aposta polo cambio económico e de mentalidade que aparece con determinadas asociacións e cooperativas operantes no territorio.

## CADRO RESUMO MESA Nº 10: FORTALEZAS INTERNAS

<b>Fortalezas internas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Numerosas festas tradicionais e gastronómicas en relación o monte (xabarí, viño, caña) e os ríos (lamprea, anguía)</li> <li>• Riqueza forestal</li> <li>• Creación de empresas turísticas pioneiras</li> <li>• Existencia de recursos culturais e turísticos</li> <li>• Proxecto de destilería da caña</li> <li>• Lugar privilexiado pola cercanía doutras poboacións</li> <li>• Plantexamento de aumentar a vivenda protexida (chalets, pisos, recuperar antigas vivendas de mestres, etc.)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Forte riqueza paisaxística polos ríos, muíños e patrimonio arquitectónico</li> <li>• Existencia do camiño Portugués e a vía da Prata</li> <li>• Comunidade rural e riqueza agraria</li> <li>• Proxectos de rutas entorno os ríos</li> <li>• Repoboamentos dos montes: riqueza forestal</li> <li>• Existencia de voluntariado nos concellos</li> <li>• Existencia de proxectos de asociacións e empresarios</li> <li>• Forte patrimonio histórico- arquitectónico (aldeas abandonadas, muíños, camiños de pedra, fortalezas, etc.)</li> <li>• Existencia de experiencias piloto positivas como a “rede wimax”</li> </ul>

**10.3. OPORTUNIDADES EXTERNAS**

Na reunión de grupo, o coñecemento das oportunidades por parte dos alcaldes/as e concelleiros/as é un bo indicador do rol de intermediarios que poden xogar entre a poboación rural e o contorno exterior. Neste senso, os representantes dos concellos centraron a súa atención sobre o patrimonio material e inmaterial e o reclamo que pode exercer para o turismo, o sector agrario vinculado aos mercados urbanos próximos, a vivenda protexida para inmigrantes, os montes e o desenvolvemento sostible dos seus recursos.

## CADRO RESUMO MESA Nº 10: OPORTUNIDADES EXTERNAS

Oportunidades externas	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posta en valor do patrimonio natural e cultural de face ao turismo</li> <li>• Posibilidade de recuperar aldeas con bancos de terras: “está moi ben”</li> <li>• Parcelaria e o banco de terras</li> <li>• Vivenda rehabilitada en aluger e destinada para esa parella, familia para traballar no sector agrogandeiro, con emigrantes estranxeiros por exemplo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As comunidades de montes pode ser algo bo para proxectos turísticos e de transformación industrial</li> <li>• Producción agraria de calidade vinculada aos mercados urbanos próximos (Santiago, Pontevedra, Vigo)</li> </ul>

**10.4. PROPOSTAS PARA O PDR**

As propostas feitas na reunión de grupo se estruturan a partir das seguintes afirmacións textuais dos alcaldes/as e concelleiros/as:

- ⇒ Recuperación dos ríos: “é algo básico”.
- ⇒ Posta en valor dos montes e transformación dos produtos.
- ⇒ Agricultura ecolóxica.
- ⇒ Facer un macropolígono industrial intermunicipal: “os alcaldes somos moi egoístas e cada un quero o seu, cos polígonos pasa o mesmo. Isto é unha utopía pero necesaria”. No mesmo senso, explotación do turismo con proxectos en común e integrados: “non facer o mesmo senón integrarnos nos mesmo proxectos.” “Temos que mancomunarnos e agruparnos para conseguir algo, porque senón non sacamos nada adiante, somos os que somos e senon non sacamos nada a diante.”
- ⇒ Outro tanto cos servizos colectivos para a poboación: “Todos queremos unha miniresidencia pero non é a solución, eu teño 2.000 vellos e onde podo metelos.”. Oferta consensuada e diferenciada por servizos colectivos entre os diferentes concellos.
- ⇒ Camiño Portugués: “pasa por varios municipios pero cada un arrima o seu e moi difícil poñerse de acordo.”
- ⇒ Cara a xente xoven, potenciar as novas tecnoloxías e facelo en conxunto os concellos.

- ⇒ Aumentar a formación profesional e empresarial.
- ⇒ Crear identidade co territorio e o arraigo, sobre todo na xuventude, e poner en valor o patrimonio cultural inmaterial: “os xóvenes non se interesan polo propio”.
- ⇒ Aproveitamento económico dos montes, forestal, de setas e máis recursos como rutas de mámoas, sistema de aproveitamento cárnico (ter o gando no monte, e conseguir marca de calidade e de carne ecolóxica, que fagan todo o proceso produción-comercialización).

### Conexión e cooperación con outros territorios:

- ⇒ Intercambio e integración da oferta turística e cultural: dende os oficios de canteiro, recuperación do patrimonio inmaterial porque a xente esta morrendo e recuperar xacementos arqueolóxicos como Campo Lameiro.
- ⇒ A mellora das ribeiras dos ríos, do Lérez e do río Ulla, establecer uns plans de cooperación cos GDR veciños para a recuperación e posta en valor dos ríos e as ribeiras. Paseos fluviais nos concellos para que estén unidos entre sí.
- ⇒ Concellos termais, dentro da FEGAMP: “a esto daselle moito a volta por outros representantes dos concellos e está todo moi parado.”

### CADRO MESA Nº 10: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Dinamización e aumento da competitividade do sector agrario e forestal</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posta en valor dos recursos endóxenos (monte, agricultura)</li> <li>• Gandeiría e agricultura ecolóxica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explotación de especies e razas tradicionais dende setas a vacunos.</li> </ul>

### CADRO MESA Nº 10: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR--20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

<b>Mellora medioambiental e do contorno rural</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellora do patrimonio natural e restauración, especialmente dos ríos e ribeiras.</li> </ul>	

## CADRO MESA Nº 10: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Mellora da calidade de vida e diversificación da economía rural**

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellora da comercialización dos produtos</li> <li>• Boas conexións viarias e telemáticas</li> <li>• Concellos termais, dentro da FEGAMP.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Transformación de produtos agrícolas e gandeiros.</li> <li>• Creación de servizos colectivos compartidos con visión comarcal o intermunicipal: diferenciación dos servizos</li> </ul>
--	--

## CADRO MESA Nº 10: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**A cooperación entre os distintos territorios rurais da Unión Europea**

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Integración da oferta turística e cultural dos concellos veciños</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Plans de recuperación fluvial en todas as márxenes dos ríos (GDR veciños)</li> </ul>
--	---

## CADRO MESA Nº 10: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Adquisición de capacidades, promoción do territorio rural e mellora da súa gobernanza**

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aumento da formación empresarial, empendredora</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación para a xestión de asociacións</li> </ul>
--	---

**MESA Nº 11: AEDL E OUTROS TÉCNICOS/AS****11.1. DEBILIDADES CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES**

Os aspectos máis débiles ou carencias do territorio están circunscritos a varios aspectos. Polo que respecta ao turismo detéctase unha notable falta de calidade que arranca coa falta de profesionalidade no sector –sobre todo dentro das casas de turismo rural-, ata as eivas na política comunicativa, pasando polo feísmo urbanístico; así mesmo, vótase en falta un turismo activo ligado á posta en valor do contorno, da súa riqueza medioambiental e do seu valor cultural.

Por outra banda, hai graves deficiencias no tratamento do patrimonio, moitas veces o proceso quédase nun simple inventario, faltando unha verdadeira posta en valor a través de catálogos e sinalizacións axeitadas. Así mesmo, non se establecen canles de comunicación entre os establecementos de turismo rural e os concellos á hora de programar actividades de ocio. Ademais, existe unha falta de coordinación entre os promotores empresariais, as entidades políticas e o contorno social.

O carácter do galego, individualista e receoso, limita as experiencias de colaboración, de xeito especial, entre Concellos limítrofes. A ausencia dunha cooperación intermunicipal que incidira na mellora da xestión de bens e servicios públicos é unha grave eiva para o desenvolvemento do mundo rural:

“... é fundamental mancomunar servizos; e sen embargo, nin sequera é formulable”.

Seguindo esa corrente de opinión, non se toman iniciativas o que provoca, segundo os técnicos, unha inhibición na participación dos veciños. Existe unha resistencia importante cara ás innovacións: non hai cultura empresarial, hai unha grande apatía entre a poboación e a xente non se move. Outra cuestión é que a pesares de tódolos medios de comunicación existentes a información non chega á xente.

Así mesmo, existen elementos estruturais que precisan de solucións, entre os que se encontran o minifundismo, e tamén as rixideces na transmisións das explotacións

entre pais e fillos; moi a miúdo, a xente nova quere introducir cambios produtivos e encóntrase “atenazada” polos pais, que son os que manteñen a titularidade e a propiedade da explotación e non queren asumir riscos.

A burocracia que implica o feito de acollerse aos fondos europeos é un aspecto que drena moitos esforzos e coarta as pequenas iniciativas. Así mesmo, dase unha descompensación entre planificación e seguimento das iniciativas: fanse plans económicos e financeiros pero despois non se fai unha supervisión do proceso e os seus resultados.

“Véndense os proxectos como *choíos*, como unha oportunidade económica, cando realmente representan un compromiso.... ás veces móntanse cousas e logo non se lles da continuidade...non quedan fondos para darlle continuidade ao servizo. É fácil crear un centro artesanal; o difícil é darlle continuidade e mantelo, durar no tempo”.

Ás veces, as iniciativas que se subvencionan son unha “illa” que non se poñen en relación cos obxectivos trazados. Faltan proxectos pilotos e capacidade de transferencia e deberíase ir, en opinión destes profesionais, cara a unha economía mixta que integrara unha certa especialización produtiva con actividades complementarias -tales como talleres artesanais- formando un modelo de complementariedade que permita conservar as tradicións, xerar un produto único e integrar territorio e persoas.

Outra das cuestións máis lacerante é a percepción social que ten o agro no imaxinario colectivo: o mundo rural está situado nun escenario de atraso, de traballo penoso, e doutros estereotipos. Os técnicos tamén se mostran escépticos sobre as directrices, ás veces contraditorias, das administracións públicas.

## CADRO RESUMO MESA Nº 11: DEBILIDADES, CARENCIAS, PROBLEMAS E DIFICULTADES

<b>Debilidades, carencias, problemas e dificultades</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falta de profesionalización e de actividades complementarias na actividade turística da zona.</li> <li>• Deficiencias ligadas á posta en valor da riqueza patrimonial e cultural.</li> <li>• Escasa coordinación entre a administración local e as casas de turismo rural para promocionar o territorio.</li> <li>• Non existe unha comunicación entre poboación e institución públicas, fálanse idiomas diferentes.</li> <li>• A carga burocrática representa un lastre moi importante na solicitude e tramitación deste tipo de fondos europeos.</li> <li>• A miúdo, os proxectos arrancan con cargo a subvencións pero non se acada unha viabilidade que permita darlle continuidade.</li> <li>• Escasa capacidade de transferencia dos proxectos no territorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escaso control na aplicación e supervisión dos proxectos receptores de axudas da UE.</li> <li>• Apatía da poboación á hora de implicarse en procesos sociais e empresariais.</li> <li>• Existen problemas estruturais moi profundos que inhiben a capacidade de recuperación do territorio: estrutura de propiedade da terra, sistema de sucesións nas explotacións entre pais e fillos e dificultades para incorporar ás TICs o territorio.</li> <li>• Non hai estratexias de comercialización axeitadas para os produtos do noso agro.</li> <li>• Escaso recoñecemento social ó labor e o papel que se desenvolve dende o agro.</li> <li>• Ausencia de estratexias de organización de servizos mancomunados.</li> </ul>

**11.2. FORTALEZAS INTERNAS**

O patrimonio, tanto material como inmaterial, representa unha fortaleza do territorio que, ben inventariado, catalogado e posto en valor é quen de poder ser un dos motores de desenvolvemento económico e social da comarca. A variedade paisaxística e microclimática que vai dende a zona costeira de Arousa ate a media montaña, pasando polas praderías, permite que este territorio sexa indicado para diferentes actividade hortícolas e dispoña de potencialidade suficiente para pechar varios círculos productivos.

Desta variedade de lugares e recursos é testemuña un amplo abano de produtos que se ofrecen nunha gastronomía potente e de alta calidade, e que ao longo do ano fai transitar a moita xente en busca das viandas destas terras. Estas circunstancias están tamén ligadas á existencia de persoas que coñecen oficios de antigo e que incorporan de xeito intanxible un valor engadido ao produto ofrecido.

Segundo os axentes de desenvolvemento local do GDR-20 o traballo realizado durante o desenvolvemento do anterior Leader é algo que non se debería de desbotar e representa para eles unha fortaleza interna do territorio proclive a incorporarse ao novo proceso actualmente en curso. Hai establecida unha rede –nacional e internacional- dende hai anos para o logro da marca de calidade territorial.

“... os fondos deben utilizarse para dar continuidade e consolidar e para estruturar proxectos coherentes coas estratexias dos programas europeos dentro dun proceso acumulativo e de aprendizaxe”.

#### CADRO RESUMO MESA Nº 11: FORTALEZAS INTERNAS

<b>Fortalezas internas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Vasto patrimonio material e inmaterial.</li> <li>• Riqueza paisaxística que ofrece unha ampla variabilidade de recursos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia dun saber facer dentro dos oficios tradicionais.</li> <li>• Dispón de proxectos e experiencia en xestión de fondos europeos.</li> </ul>

### 11.3. OPORTUNIDADES EXTERNAS

Polo que respecta ao turismo, xunto cos atractivos anteriormente citados, a proximidade das Rías Baixas representa unha oportunidade dun produto turístico singular. A marca de calidade para o territorio representa unha boa oportunidade para a súa proxección exterior, cara a mellora da eficiencia dos recursos e o fortalecemento do sentimento de identidade dun territorio e as súas xentes. Todos os esforzos que se están a facer neste senso veñen dados pola capacidade dun mercado próximo (vilas e cidades galegas) e tamén por certo perfil turístico con demandas específicas.

A perspectiva integral do territorio, onde todos poden atopar o seu lugar e ao mesmo tempo se poden sentir comunidade, pode ser un cambio moi importante a incorporar na imaxe deste espazo; e representa un argumento de peso para que outras persoas alleas ao territorio decidan incorporalo dentro das súas decisións de consumo.

Nestes momentos a produción agraria de calidade representa unha boa oportunidade de mercado dado o problema da crise e inseguridade alimentaria; pero é preciso cambiar a mentalidade da poboación do rural. Nestes intres, a existencia de territorios envoltos en procesos de desenvolvemento local permite a posibilidade de crear redes con outros territorios para compartir e perfeccionar as experiencias.

Outro dos aspectos máis salientable polo que respecta ás oportunidades que se lle presentan a este territorio vén da man da súa riqueza en augas termais de recoñecidas propiedades terapéuticas e de ampla tradición no seu uso e explotación. Os estilos de vida urbana ligados á recuperación da saúde e do relax converten nun valor estratéxico a este elemento diferencial e, como consecuencia del, poden ser depositarios de parte das expectativas de mellora económica e social do GDR-20.

Se se consegue que a xente vexa que o “seu” ten un valor engadido e un aprecio digno no mercado é moi posible que cambie a súa percepción sobre os recursos locais. A participación da poboación e a posta en circulación de medios para poder cambiar as cousas representa unha boa oportunidade para a transformación do contorno rural.

#### CADRO RESUMO MESA Nº 11: OPORTUNIDADES EXTERNAS

<b>Oportunidades externas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mercados necesitados de produtos de calidade e de produción sostible.</li> <li>• Os modelos participativos na xestión do territorio.</li> <li>• Desenvolvemento de certa sensibilidade dos contornos urbanos cara ao mundo rural próximo como espazo para a calidade de vida e o valor do auténtico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A proximidade das Rías Baixas como complemento da actividade turística da zona GDR-20.</li> <li>• A marca de calidade para o territorio.</li> <li>• A capacidade para producir alimentos de excelente calidade para o mercado de proximidade.</li> <li>• Lugar privilexiado pola súa riqueza termal.</li> </ul>

#### **11.4. PROPOSTAS PARA O PDR**

A primeira proposta que nesta mesa de técnicos/as se realizou foi que o GDR-20 recolla, actualice e relance as estratexias de desenvolvemento trazados polas entidades que xestionaban os anteriores fondos europeos, enriquecendo o diagnóstico e reforzando os proxectos en marcha, entre os que se encontra a Marca de Calidade Territorial Europea, promovida, entre outros territorios, pola Asociación para o Desenvolvemento Rural "Ulla-Umia".

En relación á dinamización do sector agrario e forestal, considérase primordial realizar cambios na estrutura da propiedade da terra (minifundismo) e facilitar a entrada de xente nova nas explotacións; neste senso, se se dan os apoios necesarios, a actual crise económica pode favorecer a volta dalgúns mozos ao rural ante a falta de oportunidades na cidade.

A concienciación e implicación da poboación local resulta un factor decisivo nos procesos de recuperación e valorización dos recursos naturais, culturais e patrimoniais; debe facilitarse información e recursos aos veciños, e conseguir así un cambio de percepción. O problema do "feísmo" ten difícil solución dende os Concellos, dado que os políticos de "turno" non querer arriscar votos sancionando aos veciños; así pois, resulta conveniente crear unha entidade supramunicipal con competencias suficientes para loitar contra este problema.

A diversificación da economía rural pasa por reforzar o turismo rural con toda unha serie de actividades complementarias de ocio e cultura; ademais é preciso entrelazalo con produtos ou servizos tradicionais que xeren ingresos complementarios para a xente do rural. Así mesmo, a calidade de vida neste territorio podería verse moi mellorada se nos Concellos se coordinasen e mancomunasen infraestruturas e servizos públicos, aumentando así o seu número e eficiencia.

En relación á xestión das axudas, faise preciso comunicar claramente tanto as vantaxes como os compromisos que estas supoñen, marcando criterios claros de priorización baseados no grao de innovación dos proxectos, o seu carácter piloto así como na capacidade de reforzar ou integrar sectores de actividade.

## CADRO MESA Nº 11: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Dinamización e aumento da competitividade do sector agrario e forestal**

- |   |   |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguir reforzando e ampliando a Marca de Calidade Territorial na que participaba a comarca Ulla-Umia.</li> <li>• Implantar políticas que muden a estrutura da propiedade minifundista.</li> <li>• Promover proxectos piloto e aumentar a capacidade de transferencia.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Facilitar a entrada de xente nova nas Xuntas Rectoras das Comunidades de Montes, promover unha xestión profesionalizada e frear o minifundismo forestal.</li> <li>• Promover producións comercializables.</li> <li>• Aproveitar as conxunturas de crise para facilitar a volta ás aldeas da xente nova con ganas de implantar iniciativas no rural.</li> </ul> |
|---|---|

## CADRO MESA Nº 11: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Mellora medioambiental e do contorno rural**

- |   |  |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Implicar a poboación local na recuperación e valorización dos nosos recursos naturais, culturais e patrimoniais.</li> <li>• Identificar e sinalizar axeitadamente os recursos patrimoniais.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Promover un regulamento que permita paliar o problema das casas derruídas nas aldeas.</li> <li>• Crear unha entidade supramunicipal para controlar o "feísmo".</li> </ul> |
|---|--|

## CADRO MESA Nº 11: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Mellora da calidade de vida e diversificación da economía rural**

- |   |   |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver actividades complementarias ao turismo tradicional: turismo activo, cultural...</li> <li>• Desenvolver talleres tradicionais, que sirva de complemento económico da xente do rural.</li> <li>• Primar os proxectos que complementen as estratexias deseñadas e sexan transferibles.</li> <li>• Manter como aspectos transversais a todas as liñas de actuación os seguintes: a formación, igualdade de oportunidades e as TICs.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Nalgún Concello estanse desenvolvendo iniciativas de ocio innovadoras que se poden adaptar, transferir ou complementar noutros lugares.</li> </ul> |
|---|---|

## CADRO MESA Nº 11: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**A cooperación entre os distintos territorios rurais da Unión Europea**

- |  |  |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Darlle continuidade ao traballo feito nos programas anteriores Leader, actualizando o diagnóstico e reforzando as liñas estratéxicas establecidas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sumar e enlazar este programa co resto dos programas europeos, estatais e autonómicos.</li> </ul> |
|--|--|

## CADRO MESA Nº 11: PROPOSTAS PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR-20 'ULLA-UMIA-LÉREZ'

**Adquisición de capacidades, promoción do territorio rural e mellora da sua gobernanza**

- |   |   |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver actuacións que muden o carácter e valores do "galego localista".</li> <li>• Incidir na mellora da cultura empresarial e innovadora.</li> <li>• Comunicar e asesorar dun xeito comprensible para o usuario as liñas de axuda existentes.</li> <li>• Débese contar coa participación doutros técnicos (arquitectos, etc.) que directa ou indirectamente van estar involucrados nos proxectos.</li> <li>• Priorizar os fondos en base á innovación, ao carácter piloto e á capacidade de reforzar o que xa está en marcha.</li> <li>• O revulsivo sería coordinar e agrupar concellos: mancomunar e complementar servizos públicos, coordinar políticas municipais, etc.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Motivar e promover iniciativas empresariais.</li> <li>• Xestionar axeitadamente as expectativas que estes programas xeran nos potenciais promotores.</li> <li>• Promover e apoiar iniciativas públicas que incidan no desenvolvemento socioeconómico.</li> <li>• É preciso crear unha rede formal para os técnicos de emprego que aporte formación e apoio.</li> <li>• Sería bo unha coordinación dende a Consellaría de Traballo cos AEDL.</li> <li>• Os programas de axudas deben ir apoiados en servizos complementarios, que ás veces non só non se implantan senón que "se quitan os que hai".</li> </ul> |
|---|---|

